1. As directrices de ordenación do territorio son o instrumento expresivo dos fins e obxectivos da política territorial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo o principal elemento de planificación territorial e a base do desenvolvemento das actuacións con incidencia no territorio que haxan de producirse na Comunidade Autónoma, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.

No marco desta lei, as directrices de ordenación do territorio son o instrumento que ofrece unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e dos previstos na normativa urbanística, así como para as actuacións con incidencia no territorio que desenvolvan as persoas particulares e as administracións públicas, con pleno respecto, neste último caso, ás competencias respectivas.

2. O ámbito das directrices de ordenación do territorio será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Corresponden ás directrices de ordenación do territorio as seguintes funcións:

a) Formular, con carácter global e interrelacionado, e no marco do plan económico - social da Comunidade Autónoma, o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento no territorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen no dito territorio, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.

b) Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio, así como dos instrumentos previstos na normativa urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Administración xeral da Comunidade Autónoma, ao que deberán acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver a Administración autonómica, as entidades

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

locais de Galicia e as entidades públicas vinculadas ou dependentes daquela e destas, co fin de garantir unha axeitada coordinación e compatibilización de todas elas.

c) Propoñer as accións territoriais que requiran a actuación conxunta con outras comunidades autónomas e restantes administracións públicas, ofrecendo as bases suficientes para subscribir os convenios ou acordos de cooperación, previo cumprimento das esixencias impostas pola normativa aplicable.

d) Identificar as grandes oportunidades do territorio e propor as accións necesarias para o seu aproveitamento racional e sostible.

e) Integrar de forma coordinada as directrices de ordenación do territorio de Galicia coas estratexias territoriais propias das rexións da Unión Europea, de acordo coa estratexia territorial común desta.

f) Identificar e sinalar áreas que deban estar suxeitas a medidas especiais de protección, conservación, ordenación ou mellora.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 21. *Contido das directrices de ordenación do territorio*

1. As directrices de ordenación do territorio conterán as seguintes determinacións:

a) Definición do modelo territorial para Galicia.

b) Descrición e interpretación das características propias do territorio da Comunidade Autónoma, formulando unha diagnose da problemática existente e potencial, en relación cos asentamentos urbanos e produtivos, co medio físico e cos recursos naturais e coas pautas de desenvolvemento territorial manifestadas ou previsibles.

c) Definición dos criterios que se deban adoptar, en relación ca problemática obxecto de diagnose, de acordo cos obxectivos referidos na letra seguinte.

d) Formulación dos obxectivos sociais, económicos e ambientais relacionados co territorio, tendo en conta, entre outros, os criterios de desenvolvemento territorial sostible, de accesibilidade universal e de loita contra o cambio climático.

e) Formulación, a partir dos distintos elementos das políticas sectoriais, de propostas de ordenación do territorio destinadas a reorientar ou, se é o caso, regular as actuacións públicas e privadas no ámbito da comunidade autónoma, de acordo cos obxectivos sinalados na letra precedente, como marco de referencia pública para a actuación dos axentes sociais e económicos que operen no dito ámbito, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.

f) Proposición das relacións entre as distintas administracións e organismos públicos que interveñan no territorio da Comunidade Autónoma, formulando as propostas relativas aos procedementos e instancias a través dos que deban ser resoltos os conflitos que poidan xurdir na fixación ou execución das actividades que se vaian desenvolver, deixando a salvo en todo caso as facultades que ao Estado lle recoñece a normativa vixente.

g) Establecemento dos sistemas de información recíproca entre as distintas administracións e organismos públicos capaces de facilitar a uns e outros os datos necesarios para a correcta elaboración dos seus plans e programas e procurar a súa coherencia co marco territorial de referencia que as directrices establecen.

h) Delimitación de ámbitos a desenvolver mediante plans territoriais especiais, cando as directrices de ordenación do territorio o consideren necesario en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unitarios nese ámbito, sen prexuízo das delimitacións específicas que poidan realizarse en aplicación da lexislación sectorial correspondente.

Asemade, as Directrices de ordenación do territorio identificarán a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas que se elabore pola Comunidade Autónoma de Galicia como sistema de espazos que garantan a conectividade ecolóxica e a provisión de servizos ecosistémicos a escala rexional, e conterán as determinacións que resulten necesarias para a súa correcta xestión e ordenación.

i) Proposta de pautas e medidas para a preservación dos recursos naturais, do patrimonio cultural e paisaxístico.

j) Delimitación de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado, que poderán desenvolverse mediante plans territoriais integrados.

k) Fixación dos criterios para a cuantificación, localización, deseño e execución das infraestruturas e equipamentos de carácter supramunicipal, procurando a mellora da súa accesibilidade e considerando as previsións dos instrumentos de planeamento urbanístico e a planificación sectorial, así como o necesario respecto ás competencias estatais.

l) Sinalamento das condicións ás que deban someterse as propostas de desenvolvemento urbano, industrial, terciario ou agrario, en función da dispoñibilidade dos recursos enerxéticos, hidráulicos e de saneamento correspondentes.

m) Criterios para establecer as condicións ás que deberá suxeitarse a localización de vivendas sometidas a algún réxime de protección ou das que se incorporen a programas de rehabilitación, tomando en consideración as previsións que nesta orde se conteñan no planeamento local e na restante normativa aplicable.

n) Criterios de actuación en áreas desfavorecidas polo declive económico ou demográfico, por situacións de incomunicación, por outras desvantaxes obxectivas ou pola existencia de riscos naturais ou tecnolóxicos.

o) Sinalamento das causas e dos supostos que vaian determinar a modificación substancial ou non das directrices de ordenación do territorio, en función da aparición de necesidades non previstas nelas ou dos cambios introducidos na política económica ou social que vaian desenvolver as Administracións Públicas implicadas.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A tal efecto, as directrices conterán os indicadores e os criterios para a análise da evolución territorial da Comunidade Autónoma.

2. As determinacións previstas no número anterior teñen carácter enunciativo e non limitativo, polo que as directrices de ordenación do territorio poderán conter cantas outras fosen congruentes coas funcións previstas no artigo anterior.

En todo caso, as directrices de ordenación do territorio respectarán a autonomía das administracións locais para a xestión dos seus intereses propios así como as competencias estatais.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 22. *Documentación das directrices de ordenación do territorio*

1. As directrices de ordenación do territorio conterán os documentos gráficos e escritos que reflictan adecuadamente os contidos expostos no artigo anterior, co grao de precisión apropiado ás súas funcións e, como mínimo, os seguintes:

a) Unha memoria na que se identifiquen e expliquen os obxectivos, as fortalezas, debilidades e conflitos territoriais, así como as medidas propostas, criterios e opcións contempladas.

b) A documentación gráfica precisa para plasmar o estado do territorio e os extremos fundamentais da ordenación e previsións a que se refiran as directrices de ordenación do territorio.

c) Determinacións.

d) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

e) A documentación ambiental esixida conforme á lexislación vixente.

2. Para a súa difusión pública, elaborarase un documento resume non técnico das directrices de ordenación do territorio, que facilite o coñecemento dos aspectos esenciais do seu contido.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 23. *Borrador das directrices de ordenación do territorio*

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio. O acordo, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia*, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará o prazo de formulación do correspondente borrador das directrices de ordenación do territorio.

2. Corresponde á consellería competente en materia de ordenación do territorio a tramitación e o impulso do procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio e a preparación do borrador das directrices de ordenación do territorio. As consellerías con competencias con proxección territorial, formularán as previsións e determinacións que lles correspondan respecto dos contidos sectoriais das directrices, para os efectos da súa integración efectiva no borrador. A dita formulación farase no prazo de tres meses, contados desde a súa petición pola consellería tramitadora do procedemento.

Coa mesma finalidade, solicitarase da Administración do Estado e das administracións locais a formulación de propostas nas materias da súa competencia, que emitirán en igual prazo ao expresado no parágrafo anterior.

3. En calquera caso, para a elaboración do borrador de directrices, a consellería tramitadora do procedemento solicitará dos órganos e entidades mencionados cantos datos e informacións sexan necesarios para a máis correcta redacción do dito documento, que deberán ser achegados no prazo de dous meses a partir do momento no que lles sexan solicitados. Asemade, os ditos órganos e entidades poderanlle achegar cantas informacións e suxestións estimen convenientes para os mesmos fins.

4. O borrador das directrices remitiráselles, ás administracións e aos órganos citados nos números anteriores e ás entidades públicas e privadas que se estimen interesadas, para que no prazo de tres meses acheguen cantas observacións, propostas e alternativas estimen oportunas.

Unha vez realizados os trámites sinalados neste artigo, seguirase o procedemento previsto no artigo 51.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 24. *Eficacia das directrices de ordenación do territorio*

1. As determinacións contidas nas directrices de ordenación do territorio terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Para este efecto, expresarán de forma clara e inequívoca o alcance concreto co que deberán operar todas e cada unha das súas determinacións, segundo o previsto no artigo 17.

2. As directrices de ordenación do territorio non poderán clasificar solo, nin substituír en ningún caso ao planeamento urbanístico nas funcións que lle son propias, de acordo coa lexislación vixente na materia.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 25. *Control parlamentario das directrices de ordenación do territorio*

1. Determinarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices.

2. A Administración autonómica remitirá ao Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria de seguimento do grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sección 2ª. Os plans territoriais

Subsección 1ª. Plans territoriais integrados

Artigo 26. *Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais integrados*

1. Os plans territoriais integrados son instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado.

2. Como norma xeral, o ámbito dun plan territorial integrado será unha das áreas xeográficas supramunicipais definidas nas directrices de ordenación do territorio.

3. Cando circunstancias non previstas nas directrices de ordenación do territorio o aconsellen por darse os requisitos previstos no número 1, o Consello da Xunta de Galicia poderá acordar a elaboración dun plan territorial integrado, sinalando o seu ámbito territorial e os obxectivos a alcanzar, a proposta da persoa titular da consellaría competente por razón do obxecto e en función da materia sobre o que verse o dito instrumento, e previo informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

O acordo, que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia e notificado aos concellos e deputacións provinciais afectados, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará a consellaría competente para a tramitación do procedemento de elaboración do plan así como aqueloutros órganos que teñan que participar nel.

4. Os plans territoriais integrados só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, entendendo por tal, a efectos do establecido nesta lei, as Administracións Públicas, as entidades de dereito público delas dependentes, as sociedades en cuxo capital social sexa total ou maioritaria a participación directa ou indirecta das ditas administracións e entidades e os consorcios con participación dalgunha das anteriores administracións públicas e entidades de dereito público dependentes.

5. Son funcións dos plans territoriais integrados, entre outras:

a) Desenvolver e completar determinados aspectos das directrices de ordenación do territorio no ámbito territorial obxecto do plan.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Establecer os elementos básicos para a organización e articulación do territorio comprendido no ámbito.

c) Impulsar un desenvolvemento do territorio ordenado e eficiente, contribuíndo a unha planificación adecuada, racional e equilibrada dos usos do solo en canto recurso natural non renovable, identificando as áreas funcionais presentes no seu ámbito territorial e definindo os usos máis idóneos en coherencia co modelo territorial que se formula e cos diagnósticos de partida.

d) Procurar a coherencia nas políticas sectoriais e urbanísticas de interese, para garantir un desenvolvemento territorial sostible e equilibrado, co necesario respecto ás competencias estatais.

e) Constituír o marco de referencia para a formulación, desenvolvemento e coherencia das políticas, plans, programas e proxectos das Administracións e entidades públicas no ámbito, así como para o desenvolvemento das actividades das persoas particulares, con incidencia no mesmo, co necesario respecto ás competencias estatais.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 27. *Contido dos plans territoriais integrados*

Os plans territoriais integrados conterán, como mínimo, as seguintes determinacións:

a) Identificación e, no seu caso, delimitación do ámbito xeográfico concreto de actuación, con indicación dos municipios afectados.

b) Diagnose territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación socioeconómica, con delimitación das áreas merecedoras de especial protección polos seus valores ou por tratarse de zonas susceptibles de riscos naturais ou doutro tipo, que deberán identificarse.

c) Identificación das áreas funcionais presentes no seu ámbito territorial, en función das súas características e dos obxectivos da ordenación.

d) Orientación dos usos do solo de xeito racional en consonancia coas áreas funcionais que se identifiquen.

e) Establecemento de relacións entre as paisaxes e as áreas funcionais que se identifiquen tendo en conta os instrumentos aprobados en desenvolvemento da normativa aplicable en materia de paisaxe.

f) Identificación da infraestrutura verde precisa para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, a deterioración de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.

g) Definición dos obxectivos da ordenación, con especial atención ao estudo das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico. Esquema de distribución espacial das grandes áreas de actividade e, no seu caso, criterios para a implantación das mesmas, en consonancia coas áreas funcionais identificadas.

h) Sinalamento dos espazos aptos para servir de soporte ás infraestruturas estratéxicas, determinando a localización e características daquelas que deban crearse ou modificarse para potenciar o desenvolvemento socioeconómico da área.

i) Definición da localización dos equipamentos de interese común para a área ou zona obxecto do plan.

j) Criterios, principios e normas xerais que constitúan o referente para a ordenación urbanística municipal.

k) Medidas para a súa articulación co planeamento urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

l) Recomendacións e propostas relativas aos espazos que deban ser obxecto de remodelación, rexeneración ou rehabilitación, co fin de evitar a súa degradación ou de conseguir a súa recuperación.

m) Principios e criterios xerais para o uso e protección do patrimonio cultural de interese no ámbito.

n) Determinacións tendentes a evitar desequilibrios funcionais en zonas limítrofes de distintos concellos.

o) Proposta de posibles medidas de apoio encamiñadas a incentivar actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos fixados nas directrices de ordenación do territorio e no propio plan, e que contribúan a alcanzar un desenvolvemento territorial eficiente e racional.

p) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

q) Supostos de modificación do plan territorial integrado e normas específicas para o seu seguimento.

r) Criterios, normas e principios necesarios para o desenvolvemento das súas determinacións.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 28. *Documentación dos plans territoriais integrados*

Os plans territoriais integrados conterán os documentos gráficos e escritos que reflictan adecuadamente as determinacións expostas no artigo anterior, co grao de precisión apropiado ás súas funcións e, como mínimo, os seguintes:

a) Unha memoria descritiva, na que se detallen:

1º Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación.

2º Descrición do ámbito territorial obxecto da actuación.

3º Identificación e explicación dos obxectivos, as fortalezas, debilidades e conflitos territoriais, así como as medidas propostas, criterios e opcións contempladas.

4º Anexos nos que se detallen os estudos elaborados.

b) Unha memoria urbanística que conteña unha análise da relación do contido do plan territorial integrado co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento urbanístico ou, no seu caso, determinando as posibles discrepancias e xustificando as determinacións que deban ser modificadas posteriormente do dito planeamento.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial integrado e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborarase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

c) Unha xustificación da adecuación do plan territorial integrado ás determinacións das directrices de ordenación do territorio. Neste senso, incluirase a análise de compatibilidade para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o plan puidese xerar no medio ambiente.

d) A documentación gráfica precisa para plasmar o estado do territorio e os extremos fundamentais da ordenación a que se refira o plan, a unha escala adecuada para a correcta lectura e difusión do seu contido.

e) Disposicións normativas que poidan resultar necesarias.

f) Estudo de viabilidade económico - financeira das actuacións derivadas do plan.

g) Plan de seguimento.

h) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

i) Documentación ambiental conforme á lexislación aplicable.



CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Subsección 2ª. Plans territoriais especiais

Artigo 29. *Obxecto, ámbito e funcións dos plans territoriais especiais*

1. Os plans territoriais especiais teñen por obxecto desenvolver as directrices de ordenación do territorio nos ámbitos nos que aquelas o consideren necesario, en función das súas características morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas diferenciadas, que esixan unha consideración e tratamento unitarios nese ámbito.

2. Cando circunstancias non previstas nas directrices de ordenación do territorio o aconsellen, por concorrer os requisitos previstos no número 1, o Consello da Xunta poderá acordar a elaboración dun plan territorial especial para a protección de determinados espazos ou a ordenación de áreas singulares, sinalando o seu ámbito territorial e os principais obxectivos a alcanzar, a proposta da persoa titular da consellaría competente por razón do obxecto e en función da materia sobre a que verse o dito instrumento, e previo informe da consellería competente en materia de ordenación do territorio.

O acordo, que deberá ser publicado no *Diario Oficial de Galicia* e notificado aos concellos e deputacións provinciais afectados, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e determinará a consellería competente para a tramitación do procedemento de elaboración do plan, así como aqueloutros órganos que teñan que participar nel.

3. Os plans territoriais especiais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, nos termos sinalados no número 4 do artigo 26.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 30. *Contido e documentación dos plans territoriais especiais*

1. Os plans territoriais especiais conterán cantas determinacións resulten precisas en función do seu obxecto e, como mínimo, as seguintes:

a) Descrición do ámbito obxecto de ordenación e das características diferenciadas, sinaladas no número 1 do artigo anterior, con indicación dos seus valores naturais e potencialidades como soporte de usos e actividades.

b) Diagnose sobre a problemática suscitada polos usos existentes no ámbito e as tendencias previsibles dos mesmos, analizando a súa adecuación ou inadecuación ás esixencias de uso, protección ou explotación dos recursos naturais.

c) Sinalamento das zonas que presenten características homoxéneas e establecemento das medidas e normas de protección e das actuacións públicas ou privadas necesarias para a ordenación, preservación, restauración ou mellora das mesmas.

d) Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, o deterioro de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais.

e) Sinalamento da localización, magnitude e carácter das construcións vinculadas ao desfrute e explotación dos recursos naturais e definición, no seu caso, das infraestruturas e equipamentos correspondentes.

f) Normativa reguladora dos usos e actividades previstos.

g) Estudio económico, no que se analice a coherencia entre as normas e actuacións propostas e a dispoñibilidade de recursos.

h) Formulación, no seu caso, dos programas de inversións públicas vinculados ao desenvolvemento das actuacións de ordenación, preservación, restauración ou mellora das diferentes zonas, establecendo as prioridades das distintas actuacións previstas.

2. Os plans territoriais especiais conterán os documentos gráficos e escritos necesarios para reflectir o contido das súas determinacións e, en todo caso, os seguintes:

a) Memoria descritiva na que se xustifique a coherencia e oportunidade para a súa formulación, o ámbito territorial sobre o que se vai a actuar, os criterios da ordenación, con análise da situación actual, descrición dos obxectivos e medidas de actuación.

b) Memoria urbanística, na que se analice a relación do contido do plan territorial especial co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

urbanístico ou, noutro caso, determinando as posibles discrepancias e xustificando as determinacións que deban ser modificadas posteriormente do dito planeamento.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial especial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborarase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

c) Documentación gráfica con planos de información e ordenación a escala axeitada.

d) Disposicións normativas que poidan resultar necesarias.

e) Documentación ambiental conforme á lexislación aplicable.

f) Memoria económica, estimando e ordenando a programación de actuacións planificadas.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Subsección 3ª. Eficacia dos plans territoriais

Artigo 31. *Eficacia dos plans territoriais*

1. As determinacións dos plans territoriais terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17.

2. Cando os plans territoriais conteñan determinacións de aplicación directa ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o decreto de aprobación definitiva daqueles precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as súas determinacións prevalecerán sobre as previsións do planeamento ou o momento ou prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.

A tal efecto, os plans territoriais poderán establecer a clasificación e categorización do solo dos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

3. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan territorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sección 3ª. Os plans sectoriais

Artigo 32. *Obxecto, ámbito e funcións dos plans sectoriais*

1. Os plans sectoriais son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación territorial das actividades sectoriais que se sinalan no número 2, establecendo, no seu caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que desenvolvan os ditos plans e definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización, que garantan a súa accesibilidade e coherente distribución territorial, segundo a súa natureza.

2. Aos efectos do sinalado no número anterior, poderán formularse plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:

a) Abastecemento e saneamento.

b) Xestión de residuos.

c) Produción, transporte e distribución de enerxía.

d) Infraestruturas de transporte e comunicación.

e) Vivendas de protección.

f) Actividades económicas, agroforestais e turísticas.

g) Creación e desenvolvemento de solo empresarial.

h) Rede de equipamentos de carácter supramunicipal.

i) Instalacións de acuicultura e de apoio á mesma.

j) Actividades extractivas.

k) Portos deportivos.

3. A formulación dun plan sectorial terá carácter integrador e, polo tanto, referirase ao conxunto de actuacións que, pola súa función ou destino, requiran dunha planificación ou ordenación conxunta.

A tal efecto, o ámbito territorial dos plans sectoriais será a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo que pola súa especificidade sexa preciso delimitar un ámbito menor.

4. Os plans sectoriais só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, entendendo por tal as administracións e entidades descritas no artigo 26.4.

5. Os plans sectoriais desenvolveranse por medio de proxectos de interese autonómico.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. Son funcións dos plans sectoriais, entre outras:

a) A planificación dos sectores de actividade sinalados no número 2 que, por ter incidencia territorial, requiren dun instrumento técnico de apoio para a expresión e formulación das correspondentes políticas sectoriais.

b) Procurar a coherencia das planificacións sectoriais e urbanísticas de interese autonómico antes sinaladas, para acadar un desenvolvemento territorial sostible e equilibrado e a planificación de infraestruturas e equipamentos de ámbito supramunicipal.

c) Concretar e completar os obxectivos, principios, criterios e propostas de carácter sectorial das directrices de ordenación do territorio, adaptándoos á realidade territorial.

d) Establecer os obxectivos, principios e criterios territoriais para as actuacións sectoriais supramunicipais que se concretan neste artigo das administracións públicas, dentro do respecto ás competencias respectivas.

e) Propiciar a utilización adecuada, racional e equilibrada do territorio, en canto recurso natural non renovable e soporte obrigado das actividades sectoriais realizadas por axentes públicos e privados con incidencia no mesmo.

f) Propor accións, proxectos, directrices e fórmulas de actuación territorial, para asegurar un desenvolvemento territorial eficiente e racional das actividades sectoriais sinaladas neste artigo.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 33. *Contido dos plans sectoriais*

Os plans sectoriais conterán as seguintes determinacións:

a) Definición e xustificación do ámbito espacial do plan, con indicación dos municipios aos que afecte, no caso de non referirse á totalidade da Comunidade Autónoma.

b) Identificación da área ou sector de actividade suxeito a ordenación, distinguíndoo coa maior claridade posible doutros afíns e sinalando a relación cos mesmos.

c) Xustificación da súa necesidade para o sector do que se trate e o ámbito territorial delimitado.

d) Establecemento de criterios de coordinación con outros sectores e co marco xeral da ordenación territorial establecido polas directrices de ordenación do territorio, e cos plans territoriais integrados vixentes no ámbito, de ser o caso.

e) Descrición da problemática territorial presentada polo sector e análise do impacto das actuacións públicas e privadas producidas no pasado e previstas para o futuro dentro do ámbito sectorial.

f) Definir os obxectivos, principios e criterios territoriais para as actuacións sectoriais supramunicipais das Administracións públicas obxecto do plan, de modo que se executen con carácter integrado.

g) Propor as medidas e proxectos concretos que contribúan a alcanzar un desenvolvemento territorial eficiente e racional, en relación co ámbito da materia sectorial obxecto do plan.

h) Delimitación, no seu caso, dos ámbitos territoriais nos que se poderán asentar as actuacións que desenvolvan o plan a través de proxectos de interese autonómico.

A tal efecto, o plan sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos ditos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

Neste caso, o plan sectorial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que, conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, debe incluír o plan xeral de ordenación municipal, agás a delimitación de sectores no caso do solo urbanizable.

En todo caso, a previsión, polo plan sectorial que proceda á clasificación e categorización do solo, de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles.

i) Descrición das características xerais das actuacións que desenvolvan o plan.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

j) No seu caso, directrices para a redacción dos proxectos de interese autonómico que desenvolvan o contido do propio plan sectorial.

k) Medidas para a súa articulación co planeamento urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.

l) Medidas de protección do medio ambiente, do patrimonio cultural e da paisaxe, de acordo coa normativa vixente.

m) Identificación das infraestruturas verdes precisas para mitigar, entre outros, a alteración, perda e fragmentación de hábitats, o deterioro de procesos ecolóxicos e servizos ecosistémicos, así como o incremento dos riscos naturais

n) Determinación das prioridades de actuación e a definición de estándares e normas de distribución territorial, de ser o caso.

o) Pautas e directrices para unha eficaz coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

p) Supostos de modificación do plan sectorial e normas específicas para o seu seguimento.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 34. *Documentación dos plans sectoriais*

Os plans sectoriais conterán, cando menos, os seguintes documentos:

a) Unha memoria descritiva, na que se detalle:

1º Xustificación da coherencia e oportunidade para a súa formulación.

2º Descrición das características do ámbito territorial obxecto da actuación.

3º Análise e diagnóstico da área ou sector de actividade suxeito a ordenación, referida ao desenvolvemento das determinacións contidas no artigo anterior.

4º Xustificación da ordenación e das súas alternativas, no seu caso, definindo obxectivos e criterios para o seu posterior desenvolvemento.

5º Xustificación da idoneidade dos emprazamentos elixidos para futuras actuacións de desenvolvemento, de ser o caso.

6º Definición das características técnicas das posibles actuacións que desenvolvan o plan.

7º Estudo da incidencia territorial do plan, especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servizos, protección e afeccións urbanísticas e ambientais, con previsión dos medios adecuados de corrección ou de minimización de impactos.

8º Anexos nos que se detallen os estudos elaborados.

b) Unha memoria urbanística que conteña unha análise da relación do contido do plan sectorial co planeamento urbanístico vixente, incluíndo as determinacións relativas aos solos cuxa clasificación ou cualificación se recollerá no plan con prevalencia á contida no planeamento urbanístico, no seu caso, ou os criterios orientadores para a posterior clasificación ou cualificación do solo cando se desenvolva a través de proxectos de interese autonómico.

Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan sectorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 17, elaborarase a documentación de carácter técnico e normativo necesaria para a tramitación da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

c) Xustificación do acomodo do plan sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes. Neste senso, incluirase a análise de compatibilidade estratéxica para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos adversos que o plan puidese xerar no medio ambiente.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Documentación gráfica comprensiva da diagnose e da ordenación, a escala adecuada para a correcta lectura e difusión do seu contido, que incluirá estudos e planos de información, e planos de delimitación do seu ámbito territorial, así como planos de clasificación e cualificación dos terreos, obtidos do planeamento urbanístico vixente nas zonas afectadas, e os correspondentes á nova clasificación e cualificación do solo cando corresponda.

e) Réxime normativo de aplicación.

f) Memoria económica, coa estimación das accións comprendidas no plan e orde de prioridade de execución das mesmas, de ser o caso, e estudo de viabilidade económica-financeira das actuacións derivadas do plan.

g) Síntese e conclusións do proceso de participación pública.

h) Documentación ambiental necesaria de acordo coa normativa vixente na materia.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 35. *Eficacia dos plans sectoriais*

1. As determinacións dos plans sectoriais terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 17.

2. Cando os plans sectoriais conteñan determinacións de aplicación directa ou vinculantes para o planeamento urbanístico existente, o decreto de aprobación definitiva daqueles precisará, necesaria e respectivamente, os puntos concretos nos que as determinacións do plan prevalecerán sobre o planeamento urbanístico ou o momento ou prazos nos que os concellos deberán adaptarse ás ditas determinacións.

3. Nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do plan sectorial e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, de conformidade co previsto no artigo 17, o decreto de aprobación definitiva daquel terá por obxecto tamén a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 36. *Carácter limitativo dos plans sectoriais*

1. Cando se tivese aprobado un plan sectorial só poderán formularse, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por este, os proxectos de interese autonómico que desenvolvan o dito plan sectorial.

2. Como consecuencia do anterior, a realización, dentro do obxecto e do ámbito delimitados por un plan sectorial, dunha actuación non prevista nel, requirirá da súa modificación.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sección 4ª. Os proxectos de interese autonómico

Subsección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 37. *Obxecto, ámbito e funcións dos proxectos de interese autonómico*

1. Os proxectos de interese autonómico son os instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar as seguintes actuacións, sempre que trascendan do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado:

a) Implantación de dotacións urbanísticas (equipamentos e infraestruturas).

b) Creación de solo destinado a vivendas protexidas.

c) Creación de solo destinado á realización de actividades económicas.

2. De acordo co establecido no número anterior considéranse:

a) Dotacións urbanísticas: son o conxunto de instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades da cidadanía. Poden ser de uso e titularidade públicos ou privados e comprenden: as infraestruturas de transporte e comunicación; as redes de servizos de telecomunicacións, de execución da política enerxética, de subministro de enerxía eléctrica e de gas, de abastecemento de auga e de evacuación de augas residuais e depuración, de tratamento e eliminación de residuos e as instalacións destinadas á loita contra a contaminación e á protección da natureza, e os grandes equipamentos de uso sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional e de servizos públicos, de acordo ao establecido nos artigos 65, 71 e 72 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

b) Solo destinado a vivendas protexidas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística promovidas e desenvoltas pola consellaría competente en materia de vivenda a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e polo sector público autonómico con destino maioritario á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, pola necesidade demostrada de forte demanda social.

c) Solo destinado á realización de actividades económicas: é o constituído polos ámbitos que sexan obxecto de actuacións de transformación urbanística, con destino á creación de

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

solos para o desenvolvemento de actividades primarias, industriais ou terciarias, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

3. En función do seu obxecto, diferéncianse os seguintes tipos:

a) Proxectos de interese autonómico previstos, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións contempladas nun plan sectorial vixente.

b) Proxectos de interese autonómico non previstos, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións non contempladas en ningún plan sectorial.

Neste caso, o proxecto deberá axustarse aos criterios e obxectivos xerais que establezan as directrices de ordenación do territorio e deberá ser congruente e axustarse ao contido dos instrumentos de ordenación do territorio vixentes cos que puidera concorrer polo ámbito territorial ou polo contido do proxecto.

4. Unha vez aprobado un plan sectorial non poderán aprobarse, dentro do obxecto e do ámbito delimitados polo dito plan, proxectos de interese autonómico non previstos que planifiquen e proxecten a implantación de actuacións diferentes das contempladas no dito plan sectorial, debendo procederse, no seu caso, á modificación deste.

5. Os proxectos de interese autonómico poderán ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa pública ou privada.

6. No caso de proxectos de iniciativa privada que impliquen a transformación urbanística do solo, a persoa promotora deberá acreditar a aceptación polas persoas propietarias que representen máis do 50% da superficie total do ámbito de actuación do proxecto.

7. Os proxectos de interese autonómico definirán os criterios de deseño, as características funcionais e a localización das actuacións obxecto do proxecto, que garantan a accesibilidade e a sustentabilidade ambiental de tales actuacións.

Asemade, garantirán a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúan o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes mediante a realización de cantas obras sexan precisas, a súa adaptación ao entorno no que se empracen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

8. Todas as obras, servizos públicos, infraestruturas e instalacións previstas no proxecto se axustarán ás dimensións e características esixidas pola lexislación sectorial que lles sexa de aplicación.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 38. *Declaración de interese autonómico*

1. No caso de proxectos de interese autonómico non previstos, será necesaria, como requisito previo ao inicio do procedemento de aprobación, a declaración de interese autonómico da actuación que constitúa o seu obxecto.

2. Os instrumentos de ordenación do territorio deberán definir con claridade que modificacións terán o carácter de non substanciais. En todo caso terán este carácter, sempre que non concorran os supostos da letra a) do número 1, as modificacións que non impliquen unha revisión dos obxectivos xerais do instrumento de ordenación territorial nin a alteración substancial dos elementos esenciais da ordenación establecida nel.

3. Aos efectos sinalados neste artigo e antes do inicio do procedemento contemplado no artigo seguinte, a consellería que tramitara o instrumento de ordenación do territorio que se pretende modificar solicitará á consellería competente en materia de ordenación do territorio informe sobre o carácter non substancial da modificación, que deberá emitirse no prazo de un mes.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 54. *Procedemento de modificación non substancial dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. No caso de que a modificación sexa considerada non substancial, de acordo co sinalado no artigo anterior, a consellaría que tramitara o instrumento de ordenación do territorio, remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada dun borrador da modificación do instrumento de ordenación do territorio no que se xustifique o carácter non substancial da mesma e dun documento inicial estratéxico, co contido previsto na normativa básica estatal en materia de avaliación ambiental.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo de 10 días hábiles, que a solicitude de inicio inclúe os documentos preceptivos e, de non ser así, requirirá á consellería promotora que subsane as ditas deficiencias, achegando a documentación sinalada.

2. O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de un mes.

3. O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se a modificación ten ou non efectos significativos sobre o medio. No caso de non prever efectos significativos, a modificación poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza, tralos trámites previstos nos números 4 a 8 deste precepto.

Noutro caso, deberá seguirse o procedemento previsto no artigo 51 para a aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

4. O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica do órgano ambiental.

5. A consellería tramitadora procederá á aprobación inicial da modificación non substancial, e a someterá a información pública polo prazo de 1 mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Durante o prazo de información pública as distintas administracións e entidades públicas e privadas, e calquera persoa interesada, poderán achegar cantas observacións e suxestións

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estimen convenientes, quedando exposta a documentación da modificación nos lugares que para o efecto se sinalen.

6. Asemade, darase audiencia ás entidades locais sobre as que incida o instrumento obxecto da modificación e e solicitaranse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos tendo en conta o obxecto da modificación proposta, sen prexuízo da solicitude noutro momento conforme o esixido pola respectiva normativa sectorial que resulte de aplicación.

Transcorrido o prazo de un mes sen que se comunicasen os informes sectoriais autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable.

7. Á vista do resultado dos trámites de audiencia e de información pública, así como dos informes emitidos, introduciranse as modificacións ou correccións que procedan no documento e se elaborará a proposta final da modificación do instrumento de ordenación do territorio territorial, que será aprobada provisionalmente pola consellería competente para a tramitación, logo do informe preceptivo da consellería competente en materia de ordenación do territorio, que deberá ser emitido no prazo de un mes.

8. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente a modificación do instrumento de ordenación do territorio mediante decreto, que deberá ser publicado do *Diario Oficial de Galicia*.

9. A eficacia do decreto de aprobación definitiva e a entrada en vigor da modificación aprobada do instrumento de ordenación do territorio estarán condicionadas ao cumprimento do previsto no artigo seguinte.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO V

Efectos e vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio

Artigo 55. *Eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. A eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio requirirá da publicación do decreto de aprobación definitiva e das súas disposicións normativas segundo o previsto no artigo 57.

2. No caso de tramitación simultánea nun único procedemento do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico segundo o disposto no número 4 do artigo 17, o decreto adoptado polo Consello da Xunta terá por obxecto tanto a aprobación definitiva do instrumento de ordenación como a aprobación definitiva da modificación do planeamento urbanístico.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 56. *Declaración de utilidade pública e interese social*

1. A aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio levará implícita a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos afectados, a fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes, cando os ditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación.

2. Asemade, esa aprobación determinará a declaración de prevalencia dos usos previstos no instrumento de ordenación do territorio sobre calquera outros usos posibles do solo incluído no seu ámbito, sen prexuízo do necesario respecto ás competencias estatais e á prevalencia que, de acordo coa normativa aplicable, ostenten outros plans ou instrumentos sectoriais.

3. Cando para a execución do instrumento non fora necesaria a expropiación do dominio e bastase a constitución dalgunha servidume, poderá impoñerse, de conformidade co procedemento establecido na normativa en materia de expropiación forzosa. Asemade, cando deban modificarse ou suprimirse servidumes privadas por estaren en contradición coas determinacións do instrumento de ordenación do territorio, poderán expropiarse segundo o procedemento establecido na citada normativa.

4. A declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación referirase aos proxectos que se realicen en execución directa dos instrumentos de ordenación do territorio e tamén aos bens e dereitos comprendidos nos replanteos dos proxectos e nas modificacións de obra que poidan aprobarse posteriormente.

5. Aos efectos indicados nos números anteriores, os proxectos das obras e as súas modificacións deberán comprender a definición da súa localización e a determinación concreta e individualizada dos terreos, construcións ou outros bens ou dereitos que se estime preciso ocupar ou adquirir, para a construción, defensa, seguridade ou servizo daquelas.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 57. *Vixencia dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. Os instrumentos de ordenación do territorio terán vixencia indefinida, sen prexuízo do establecido nos artigos 46 e 47 respecto da caducidade dos proxectos de interese autonómico

2. No prazo dun mes desde a aprobación definitiva dun instrumento de ordenación territorial, deberá ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia:

a) O decreto de aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico municipal, e a normativa do dito instrumento de ordenación.

A tal efecto, nos supostos de tramitación simultánea, no mesmo procedemento, do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico municipal vixente, o decreto adoptado polo Consello da Xunta terá por obxecto tanto a aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio como a aprobación definitiva da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.Neste último caso, deberá publicarse tamén a normativa relativa á modificación do planeamento urbanístico no *Boletín Oficial da Provincia* correspondente, de conformidade co previsto ao efecto na lexislación vixente en materia de réxime local.

b) A dirección electrónica na que se poida consultar polo público o contido íntegro do instrumento.

c) Os extremos esixidos pola normativa en materia de avaliación ambiental.

3. En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do instrumento aprobado e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico que se aprobe segundo o disposto no artigos 17, quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, previa inscrición no *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia* do instrumento de ordenación do territorio aprobado definitivamente e, no seu caso, da modificación do planeamento urbanístico.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 58. *Rexistro dos instrumentos de ordenación do territorio*

1. Os instrumentos de ordenación do territorio e as súas modificacións, unha vez aprobados definitivamente, deberán inscribirse no *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia.*

2. A consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a instancia da consellaría impulsora, inscribirá os instrumentos de ordenación do territorio e as súas modificacións no rexistro ao que se refire o presente artigo, con carácter previo á súa publicación nos termos do artigo anterior.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional primeira. *Modificación do Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia*

O Rexistro de planeamento urbanístico regulado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no capítulo X do título II do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, pasará a denominarse *Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia.*



CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional segunda. *Sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico S.L.*

A sociedade pública estatal Suelo Empresarial del Atlántico, S.L., para levar a cabo as súas actuacións e adquisicións de solo mediante expropiación, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, terá a condición de beneficiaria nos termos previstos na normativa vixente en materia de expropiación forzosa, correspondendo a potestade expropiatoria a calquera das administracións públicas competentes.

Asemade, poderá adxudicárselle directamente a formulación e execución de proxectos de interese autonómico, plans parciais e, en xeral, calquera plan de ordenación e a xestión dos seus patrimonios de solo mediante os acordos ou concesións que, a tal efecto, se establezan coas administracións correspondentes.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional terceira. Bens adquiridos mediante o exercicio da potestade expropiatoria para ser destinados ao tráfico xurídico patrimonial

Nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesta lei e na lexislación do solo, respectivamente, promovidos ou desenvolvidos pola iniciativa pública, a adquisición dos bens non implicará a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado contemplase que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional cuarta. *Títulos habilitantes municipais para as edificacións que se sitúan en varios termos municipais*

O outorgamento ou, no seu caso, presentación do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística no suposto de edificacións que se empracen en terreos situados en varios termos municipais, resolveranse de acordo aos seguintes criterios:

a) O título habilitante municipal será outorgado ou, no seu caso, presentado, no concello no que se emprace a maior parte da superficie construída da edificación obxecto do proxecto.

A tal efecto, no procedemento de outorgamento da licenza deberá emitirse informe previo polos outros concellos afectados, e abrirse un período de información pública por un prazo de 15 días hábiles.

b) Aos efectos do cómputo da superficie da parcela co fin de determinar se esta é edificable, computarase a totalidade da superficie da mesma, sempre que se corresponda coa mesma clase de solo, considerando a parcela unitariamente e aplicando en cada subámbito os parámetros urbanísticos que correspondan.

c) Tanto o acceso coma o subministro dos servizos poderán realizarse dende calquera dos termos municipais sobre os que se desenvolva o proxecto.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional quinta. *Plans sectoriais e proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos*

Os Plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico relativos a parques empresariais e parques eólicos regularanse integramente polas disposicións contidas na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Unha vez aprobados definitivamente, resultará de aplicación o previsto nesta lei en relación aos seus efectos, vixencia e caducidade, xestión, execución e modificación dos referidos instrumentos de ordenación do territorio, naqueles aspectos que non estean regulados expresamente na Lei 5/2017, do 19 de outubro, e que non resulten incompatibles coa regulación contida na dita lei.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional sexta. *Normas técnicas*

Empregaranse nos instrumentos de ordenación do territorio os criterios contidos nas Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia aprobadas pola persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio nos que se tivese formulado o informe ambiental estratéxico antes da entrada en vigor da presente lei, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva conforme ao disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria segunda. *Determinacións das directrices de ordenación do territorio*

Ao fin de coordinar os tipos de determinacións establecidos polas actuais directrices de ordenación do territorio, cos establecidos no artigo 17, entenderase que:

a) As determinacións definidas como "excluíntes" nas actuais directrices de ordenación do territorio, terán o carácter de "determinacións de aplicación directa", segundo establecido no artigo 17.

b) As determinacións definidas como "orientativas" nas actuais directrices de ordenación do territorio, terán o carácter de "vinculantes", segundo establecido no artigo 17, cando se refiran a aspectos relativos ao planeamento.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria terceira. *Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, plans de ordenación do medio físico e programas coordinados de actuación*

1. As referencias e remisións da lexislación e dos instrumentos de ordenación do territorio aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e aos plans de ordenación do medio físico contemplados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán considerarse realizadas, respectivamente, aos proxectos de interese autonómico e aos plans territoriais especiais definidos nesta lei.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos para os que as directrices de ordenación do territorio remiten a súa ordenación aos denominados plans de ordenación do medio físico ou aos programas coordinados de actuación na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, poderán ser desenvoltos polas figuras de ordenación establecidas na lexislación vixente en materia de espazos naturais ou na materia sectorial relacionada co ámbito afectado, ou ben a través dun plan territorial integrado, dun plan sectorial ou dun plan territorial especial, segundo os seus obxectivos concretos.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, agás o capítulo III; e o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*

Modifícase o artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 7. *Cooperación en materia de paisaxe*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará a cooperación con todas as Administracións Públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins que se conteñen na presente lei.

2. Os plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio, trala súa aprobación inicial, deberán someterse a informe do órgano competente en materia de paisaxe; informe que versará sobre os aspectos paisaxísticos do plan ou instrumento.

O informe deberá emitirse no prazo de tres meses. Transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, no seu caso, as normas vulneradas".

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

Modifícase o número 5 do artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactado como segue:

"5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de planeamento urbanístico".

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira cuarta. ***Entrada en vigor***

A presente lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza

CSV: BOPGDSPGCgL1n2EFE7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

Emendas á totalidade de devolución:

— Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 61956) 195743
— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 61967) 195751
— Do G. P. Mixto (doc. num. 61974) 195755
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 61981) 195762

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:16:17
Nº Rexistro: 61956
Data envio: 20/01/2020 17:16:17.845

Os "proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal", nesta lei reconvertidos a "proxectos de interese autonómico", dotan de máis autonomía aos intereses privados que hai detrás da maioría destes proxectos ata o momento.
Dende un punto de vista do interese xeral e de respecto dos obxectivos que se din pretender o "proxecto de interese autonómico" só debería ser de iniciativa pública e non de iniciativa privada. Especialmente grave é o caso dos proxectos de iniciativa privada "non previstos" que se elaboran por un particular á marxe dun Plan Sectorial. Na práctica, isto implica o sometemento dos intereses xerais de Galiza aos intereses particulares, xeralmente para eludir os deberes e as cargas establecidas na Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Tamén resulta especialmente grave, no caso de proxectos de iniciativa privada:

- A previsión de que a elaboración do "proxecto de interese autonómico" e a súa aprobación inicial, no caso de iniciativa privada, corresponda ao promotor. Na práctica isto supón que a definición dos intereses autonómicos se deixa nas mans do promotor particular.

- A posibilidade de expropiar os terreos que considere convenientes para os intereses do promotor particular.

- A supresión da obrigación de obter licenza urbanística municipal. Dado que o proxecto sectorial non ten o contido técnico completo, ninguén controlará se o proxecto de execución das obras cumpre ou

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:16:17
Nº Rexistro: 61956
Data envio: 20/01/2020 17:16:17.845

non as determinacións do proxecto sectorial, nin a normativa de seguridade, habitabilidade, funcionalidade, etc. Ademais, dado que as obras non están suxeitas a control municipal non se contemplan as medidas necesarias para restaurar a legalidade urbanística vulnerada nin para sancionar as infraccións cometidas en caso de que non se acomoden as obras ao proxecto sectorial.

- A vulneración da autonomía municipal. Prevese que simultaneamente, coa aprobación do proxecto de interese autonómico, se aprobe a modificación do plan xeral de ordenación municipal, sen intervención do concello, xa que nin elabora a modificación do plan xeral, nin aproba inicialmente, provisionalmente nin definitivamente. Na práctica será o particular quen decida sobre o contido e alcance da modificación sen contar cos intereses da comunidade municipal que só representa o Pleno da Corporación. O que ademais, é contrario á Lei de bases do réxime local.

Con este proxecto de lei foméntase unha vez máis a dispersión normativa, chea de instrumentos para precisamente esquivar os instrumentos da planificación.

En canto aos proxectos de interese autonómico non previstos xa existe outro instrumento regulado na Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:16:17
Nº Rexistro: 61956
Data envio: 20/01/2020 17:16:17.845

O mesmo acontece coa regulación dos "proxectos sectoriais para o desenvolvemento do Plan sectorial de áreas empresariais" establecida na Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais.

Así exceptúase o cumprimento de determinadas obrigas para o desenvolvemento de proxectos de interese autonómico no ámbito eólico e de solo empresarial, que se regularán pola lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais, moito máis favorable para o interese privado dos promotores.

Por exemplo, os proxectos destes dous sectores non terán que cumprir o requisito de acreditar a aceptación polas persoas propietarias que representan máis do 50% da superficie total do ámbito de actuación do proxecto.

En troques, nun hipotético proxecto de interese autonómico, para o desenvolvemento de vivenda protexida, quen o promova, sexa promotor público ou privado, terá que contar co mínimo do acordo dos propietarios do 50% da superficie.

En definitiva, o proxecto de lei non parte dunha análise crítica do desenvolvemento da lei vixente en relación ao cumprimento dos obxectivos do que se dicían procurar.

Semella que a intención non é solucionar aquelo que non funcionou e o que se fai é simplemente anular aqueles instrumentos que non foron aprobados en 25 anos e que buscaban un país máis equilibrado.

E é que hai lexislación abundante pero non se aplica, non se desenvolve e nin se crea ca consecución dos obxectivos.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:16:17
Nº Rexistro: 61956
Data envio: 20/01/2020 17:16:17.845

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Así o proxecto de lei que se pretende aprobar fala de desenvolvemento sustentable, coordinación entre administracións e de loita pola igualdade territorial pero non se traduce en medidas que se recollan no articulado.

Os cambios, poucos, pero fundamentais, céntranse en modificar os instrumentos que xa funcionaron no pasado, e todas as modificacións no senso de acelerar e facilitar os trámites aos sectores beneficiados pola existencia destes instrumentos, que, xa que preto do 90% dos aprobados foron parques eólicos, centrais hidroeléctricas e liñas de alta tensión, son as eléctricas.

Tendo en conta o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda SOLICITA a devolución do Proxecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galiza.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoeiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia·gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:16:17
Nº Rexistro: 61956
Data envio: 20/01/2020 17:16:17.845

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Antón Sánchez García na data 20/01/2020 16:21:22

Marcos Cal Ogando na data 20/01/2020 16:21:31

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade**, con expresa petición de devolución, **ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia** (10/PL-000021, doc.núm. 60034), sobre a base das seguintes consideracións:

Non quedan acreditados os motivos e a necesidade dunha nova lei, xa que o mero feito das máis de dúas décadas de vixencia da actual lei non resulta argumento suficiente, por canto existen outras moitas leis autonómicas anteriores que non necesitan ser substituídas.

Tampouco as modificacións levadas a cabo na normativa urbanística existente deberan ser as que provocan que deba existir para Galicia unha nova lei de ordenación do territorio, senón que debera precisamente operar en sentido contrario.

E igualmente a teórica necesidade aducida de afrontar novos obxectivos, debera en calquera caso ir precedido dunha análise dos resultados da actual Lei de ordenación do territorio de Galicia, tanto no referido ao seu grado de desenvolvemento e aplicación, como á vixencia ou a capacidade dos instrumentos de ordenación do territorio que contén, cuestión que tampouco se aborda. Ao tempo que tamén argumentar que cuestións serían aquelas que non poden ser abordadas no marco da actual normativa.

Sen esa análise previa da actual lei, que a Xunta de Galicia evita realizar, resulta incoherente motivar a suficiente xustificación para a súa modificación, mais cando, de feito, a maioría dos aspectos sinalados na exposición de motivos do proxecto de lei xa están incluídos na aprobación do ano 2011 das propias directrices de ordenación do territorio.

Tanto é así que incluso a Xunta de Galicia ten recoñecido que o modelo de desenvolvemento territorial recollido na Lei de ordenación do territorio vixente na actualidade e nas directrices de ordenación do territorio de 2011 é flexible, e

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:32:52
Nº Rexistro: 61967
Data envio: 20/01/2020 17:32:52.429

conta con percorrido; ou cando se salienta a utilidade de determinados instrumentos de ordenación existente, que agora se pretende eliminar.

Así o proxecto de lei semella unha cortina de fume na que agochar a falla de xestión e incapacidade da Xunta de Galicia nesta cuestión fundamental, resultando evidente a súa ineptitude ante as posibilidades de desenvolvemento, aínda vixentes, de cada unha das figuras contempladas na actual Lei de ordenación do territorio.

Resulta sorprendente que pola Xunta de Galicia se argumente agora a inutilidade de determinados instrumentos que contén a actual Lei de ordenación do territorio e opte pola súa derrogación, cando foi precisamente o propio Goberno autonómico o que se desentendeu de promovelas, evidenciando a súa propia ineficacia, que agora tenta transmutar en obsolescencia.

Un proxecto de lei que, pola contra, encubre cambios importantes e concretos e que precisan de corpo legal para poderen ser levados á practica, como é a problemática introdución de novas figuras, como a que constitúen os denominados "*proxectos de interese autonómico*". Estes novos instrumentos formúlanse dun xeito distinto a dos actuais *plans ou proxectos de incidencia supramunicipal*, configurándose como instrumentos de ordenación "directa" por parte da Xunta de Galicia, que vén posibilitar que se lesione o principio de autonomía municipal e supón unha ameaza para a totalidade o territorio, calquera que sexa a súa cualificación de solo, incluso para aquel con protección especial. Ao tempo que é a constatación da falta de orientación e incapacidade de xestión pública demostrada nos últimos anos para a planificación estratéxica e ordenación do territorio polo Goberno autonómico cando agora promove unha opción que equivoca flexibilidade con liberalización e transixencia; e cando xa na actual lexislación urbanística ou industrial existen figuras ás que acudir para a posibilitar a implantación de determinados proxectos.

Así mesmo, e xa tomada a decisión de realizar un novo texto legal, o proxecto non aproveita a oportunidade para potenciar cuestións que si aparecen como orientadoras do "*desenvolvemento sostible utilización racional, protección do medio e equilibrio territorial"* e que deberan incluírse con criterios máis claros

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:32:52
Nº Rexistro: 61967
Data envio: 20/01/2020 17:32:52.429

en prol da sostibilidade, o aforro enerxético, a rexeneración territorial, as actividades de baixo impacto territorial, paisaxístico e sobre os recursos territoriais, o medio ambiente e a paisaxe. Cuestións que deberan servir para situar a planificación territorial no novo contexto tecnolóxico e alimentario, facendo fincapé en aspectos esenciais como a saúde e o benestar, posto que as mencións a estes aspectos resulta meramente expositivos e teóricos quedando o seu potencial real anulado coa perda de instrumentos operativos que o proxecto de lei anula.

O proxecto de lei tampouco introduce ningún tipo de compromiso real nin de obriga futura por parte do Goberno da Xunta de Galicia, cuns obxectivos proclamados que contrastan coa nimiedade do gasto público realmente dedicado ás cuestións relacionadas coa ordenación territorial de Galicia na última década.

Tamén resulta problemática a desaparición de calquera referencia - que se incluía nas dúas leis que de aprobarse o proxecto de lei se derrogarían -, do *Instituto de Estudos do Territorio*, entidade do sector público autonómico actualmente vixente e que necesita da base dunha norma con rango suficiente que recolla as súas principais determinacións.

Por todas as consideracións anteriores solicítase a expresa devolución ao Goberno da Xunta de Galicia do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia remitido.

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:32:52
Nº Rexistro: 61967
Data envio: 20/01/2020 17:32:52.429

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/01/2020 17:32:12

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución,** ao **Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia, doc. núm. 60034 (10/PL-000021)** en base ás seguintes consideracións:

1.- O procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación é pouco garantista coas persoas e co medio ambiente.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto mostramos a nosa preocupación con respecto de certos aspectos desta nova lei que poderían contravir determinadas disposicións normativas, articulando un réxime de intervención directa por parte da propia Xunta de Galicia sen desenvolver as tramitacións administrativas que corresponderían, minorando, en consecuencia, o réxime de garantías legalmente establecido a día de hoxe.

Sabedores de que son os poderes públicos os que teñen que promover o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento de todos e todas, e de velar polo utilización racional de todos os recursos (hoxe máis ca nunca), e conscientes de que o progreso social e económico dun territorio pasa pola ordenación deste, vemos eivas de calado neste proxecto de lei.

Coñecedores somos tamén da necesidade da adopción de medidas en orde á debida protección do noso territorio, pero estas medidas deben de ir precedidas dunha profunda análise aos efectos de evitar accións que puideran afectar de modo irremediable ao mesmo, para o cal, resulta imprescindible que se sigan os procedementos legalmente establecidos

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

coa intervención e o consenso de tódalas administracións implicadas, así como o suxeito que habita o territorio: as persoas.

2.- Incerteza xurídica na determinación da eficacia xurídica de cada instrumento de planificación territorial e a súa relación coa planificación urbanística.

a) O Proxecto de lei non establece unha preeminencia da planificación territorial sobre a urbanística.

A lei n**on establece con claridade unha preeminencia da planificación territorial sobre o urbanismo** dende o punto de vista da eficacia das súas determinacións. Esta formulación da LOTG resulta catastrófica porque introduce a máis fonda incerteza xurídica sobre a eficacia xurídica de cada instrumento territorial en relación á ordenación urbanística.

Isto pódese ver con claridade nos seguintes preceptos:

- art. 16.1. PLOTG: relaciona os instrumentos de OT sen prexuízo "da utilización dos instrumentos de Ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial";
- ausencia do principio de xerarquía dos instrumentos de OT sobre a ordenación urbanística nin entre eles no art. 17.1., que se encomenda a unha exigua "coherencia" entre todos eles, sen que se establezan normas de resolución de antinomias.
- Exigua afirmación da preeminencia da OT sobre a OU nas potestades atribuídas nos artigos 17.4 e 5.

A lexislación de ordenación do territorio debe declarar a súa xerarquía normativa de rango superior a respecto da ordenación urbanística e a respecto da ordenación sectorial, e así acontece en todo o dereito comparado.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

b) O Proxecto de lei non establece unha xerarquización clara entre instrumentos de planificación territorial.

Isto pódese apreciar sen dificultade nos seguintes preceptos e formulación do proxecto:

a. o uso de letras no enunciado de instrumentos e non de números ordinais (art. 16.1)
b. ausencia de enunciado do principio de xerarquía no art. 17.1. PLOTG.
c. DOT: A deficiente redacción do art. 24 sobre a eficacia normativa das DOT (forza de obrigar) e a súa posición preeminente no sistema de instrumentos de OT.
d. PTI: ausencia na definición de referencia ningunha ás DOT (art.26.1., só no apartado 5-a), que si contén, pola contra a definición de PT especial (art. 29.1.)
e. PTI: eficacia: art. 31 ambigua e insuficiente redacción sobre a eficacia e forza normativa e xerarquía.
f. PS: ausencia de referencia nin ás DOT nin aos PPTT (art. 32), aínda que pola contra especifica a súa posición normativa de superioridade verbo dos proxectos de interese autonómico, que desenvolven os PPSS (art. 32.5. e 36.1).
g. PS: redacción deficiente da súa posición de eficacia normativa e xerarquía respecto doutros instrumentos (art. 35).
h. Proxectos de interese autonómico (PIA) son os únicos que conteñen unha redacción clara de relación xerárquica a respecto do resto de instrumentos de OT: art. 43.1. os demais preceptos que regulan os demais instrumentos deberían ter unha claridade similar.
i. O sistema anterior creba cos PIA "non previstos" (art. 37.3.b), que non dependen de ningún PS.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

A lexislación de ordenación territorial debe indicar claramente cal é a relación entre instrumentos de planificación, algo que non fai este proxecto.

c) Preeminencia da lexislación sectorial sobre a ordenación do territorio e a súa planificación:

A lei subordina a ordenación territorial á sectorial, que por forza non contempla o fenómeno territorial no seu conxunto, e introduce unha solución á inversa de como debe abordarse integralmente a ordenación do territorio. Así, as prescricións en materia de urbanismo, ou de augas ou de montes, poden resultar prevalentes sobre a idea global que sobre o conxunto de Galicia se debera implementar a través dos instrumentos que figuren na pirámide normativa da OT. Abonden como exemplos os seguintes:

- art. 16.1. PLOTG: relaciona os instrumentos de OT sen prexuízo "da utilización dos instrumentos de Ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial";
- preeminencia no art. 17.1 inciso segundo das normativas sectoriais sobre a OT;

d) Consecuencias da situación anterior.

As tres eivas converten á lei en fonte de conflitos sobre a eficacia das determinacións da OT sobre o urbanismo e da relación entre instrumentos, que levará á súa vez a unha maior xudicialización e a patrimonialización indebida de dereitos que tras a súa depuración xudicial deberán dar lugar a indemnizacións por responsabilidade patrimonial.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

3.- Creación de figuras legais do proxecto de Lei que rachan coa desexable ordenación territorial introducindo elementos non previstos en instrumentos de rango (teoricamente) superior.

Irrompen dúas figuras que se enfrontan completamente á idea de planificación e ordenación do territorio:

- **Plans territoriais integrados para "circunstancias non previstas nas DOTs**". É contrario a toda filosofía de planificación e debe ser eliminada (art. 26.3. e concordantes:) e no seu caso adaptadas á realidade as DOT. No mesmo sentido, o art. 29.2. en relación aos PT especiais.

- Os **proxectos de interese autonómicos "non previstos"** (art. 37.3.b) creban co carácter de figura de planificación secundaria prevista no art. art. 32.5. e 36.1, xa que os PIAs están chamados a desenvolver PPSS. Isto supón unha creba na ordenación territorial e un coladeiro de actuacións de grande impacto territorial non previstas pola planificación. Entendemos que a solución á detección de necesidades non é destrozar pola vía de PIAs independentes a planificación, o que rompe completamente a coherencia entre instrumentos, senón someter no seu caso a revisión os instrumentos de carácter superior (sexan os PPSS ou no seu caso as DOTs) coas debidas garantías procedimentais, de participación cidadá e de impacto ambiental. Por esta razón o lóxico é eliminar este precepto e os concordantes (arts 38, 39 e 40).

Ambas figuras teñen en común parchear deficiencias nas figuras de planificación de rango superior, ben por non teren sido advertidas determinadas necesidades ou ben determinadas realidades do territorio. En ambos casos, en vez de acudir o lexislador a unha modificación dos instrumentos que os adapten á realidade ou ás necesidades, parchéase con figuras de inferior rango, que resultan extravagantes a un sistema que así resulta incoherente, e queda

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envío: 20/01/2020 17:48:19.201

desordenado e dificulta a interpretación conxunta da OT polа oposición de instrumentos inferiores a outros superiores que non contemplan esas realidades.

Esta técnica priva ao planificador de rango superior de concibir as necesidades ou describir as realidades dende unha perspectiva **holística** do territorio, porque a detección dunha necesidade nun área concreta pode ser observada tamén outras áreas do territorio e coa actuación aquí prevista prívase ao planificador de dar unha resposta global, v.g., nas DOT.

Igualmente quedan comprometidas a calidade da **avaliación ambiental** da intervención mediante estas figuras, degradando o control que noutro caso sería o propio dunha modificación de DOT ou PT ou PS. No mesmo sentido as garantías de **participación** e control cidadán e mesmo de control **parlamentario** previsto para as DOT no art. 25.

Finalmente, debemos sinalar que estas figuras de solución do caso *ad hoc* non son frecuentes na técnica normativa doutras CCAA, precisamente polos dislates que supoñen na práctica.

Na dimensión aplicativa, volvemos atoparnos co risco de que unha antinomia entre instrumentos se poda resolver coa anulación xudicial destas figuras logo de que se teñan patrimonializado dereitos, xerando obrigas de indemnizar que prexudican á cidadanía que deberá pagala das arcas públicas.

4.- O Rural... de novo o gran esquecido.

Esta lei contempla un deseño de país aniquilador para o medio rural ao esquecer que no noso país existe un espazo rural que sustenta actividades fundamentais como as agropecuarias ou a produción de alimentos e nin sequera existe un plan específico para o desenvolvemento das actividades agropecuarias, debuxando unha Galiza co meirande do peso poboacional no eixo Coruña-Vigo e noutras grandes vilas e cidades, e con unha case nula consideración para cos pequenos concellos e núcleos, como aldeas e parroquias.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 17:48:19
Nº Rexistro: 61974
Data envio: 20/01/2020 17:48:19.201

Dende En Marea pensamos que esta lei debe de contemplar un respecto absoluto e potenciación as terras agrarias, dedicando, polo menos, un terzo do territorio galego a superficie agraria útil, de maneira que se garanta a nosa alimentación coma pobo, a actividade profesional e humana dos labregos e das labregas, a dotación de servizos públicos de proximidade tanto para as explotacións como para as persoas que vivimos no rural, así como a vertebración total do noso territorio.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia, solicitando a súa devolución.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Deputado do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/01/2020 17:47:36

Luis Villares Naveira na data 20/01/2020 17:47:44

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia [10/PL-000021** (doc. núm. **60034**)], en base ás seguintes consideracións:

O presente proxecto de lei vén recoñecer o fracaso do marco legal actual, concretado na tardía Lei de Ordenación do Territorio de 1995 e nas Directrices de Ordenación do Territorio de 2011, que non foron quen nin de ordenar nin de planificar un desenvolvemento territorial equilibrado, vertebrador e cohesionador. E non hai mellor maneira de demostralo que percorrendo o país, comprobando a falta de ordenación, o crecemento caótico das áreas urbanas, os desequilibrios territoriais, o emprazamento inaxeitado de equipamentos, o impacto e falta de planificación das infraestruturas, a agresión visual e ambiental das plantacións forestais de crecemento rápido, o descontrol das actividades extractivas, a degradación do litoral ou a alteración da paisaxe.

Fronte á retórica da "utilización racional do territorio", bótase en falta tanto na normativa anterior como no presente proxecto de lei unha visión holística, que integre e desenvolva o territorio, a paisaxe e o medio ambiente, e que planifique e desenvolva de maneira xerárquica e secuenciada (con prazos) os instrumentos territoriais e sectoriais para facela realidade. Porque a experiencia do acontecido en 24 anos demostra o desinterese por desenvolver os instrumentos

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de rango máis alto e a proliferación dos de menor escala (Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal), que son os que precisamente responden maiormente a intereses particulares fronte á planificación de conxunto e ao interese xeral.

O feito de que desde a aprobación da Lei de Ordenación do Territorio de Galiza de 1995 unicamente se aprobase un Plan Territorial Integrado –e aínda así sen desenvolver- pon en evidencia o fracaso da política de ordenación do territorio da Xunta de Galiza.

O proxecto de lei recolle nos obxectivos todos os mantras da retórica "buenista" (desenvolvemento equilibrado, desenvolvemento económico sostíbel, accesibilidade poboación a infraestruturas e servizo, mellorar a relación do medio urbano co rural...) o que constitúe un arsenal de declaracións de intencións que chocan coa realidade, e coa verdadeira axenda da lei, e que se explicita sobre todo nos artigos 37 a 50.

Neste sentido, o proxecto inclúe no articulado declaracións para a galería (Artigo 4. Desenvolvemento territorial sostible, Artigo 5. Racionalidade territorial) que non se concretan de xeito práctico, e que se contradín coas políticas reais e os marcos normativos impulsados polo goberno galego na última década. Políticas e marcos que avanzan todos na mesma dirección: desprotección do territorio, degradación de solos e paisaxes e depredación de recursos. Todo isto co obxectivo non declarado, ou si, de crear unha especie de barra libre para que as grandes empresas multinacionais fagan rapina no territorio galego.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, na contextualización sobran algunhas referencias que parecen máis de recheo, como é o caso da mención da Estratexia Europa 2020, e elúdense outras cuestións centrais para a ordenación do territorio como a loita contra o cambio climático ou a transición enerxética. E tamén se bota en falta unha referencia máis explícita á ordenación da mobilidade, especialmente no tocante á necesidade de desenvolver infraestruturas de transporte socialmente máis xustas e ambientalmente máis sustentábeis. Tanto no proxecto como sobre todo nas políticas da Xunta prímase a mobilidade por estrada e as grandes infraestruturas, e non existen nin prioridades claras nin planificación seria en relación con elementos centrais da ordenación do territorio como a mobilidade sustentábel ou a axenda urbana arredor dos espazos públicos e a mobilidade. E no que ten que ver coa relación de Galiza coa súa contorna, parece necesario incluír unha referencia á eurorrexión Galiza-Norte de Portugal tanto desde o punto de vista das conexións como das relacións evidentes en materia de planificación e mesmo xestión de equipamentos e servizos.

Asemade, bótase de menos unha maior articulación dos instrumentos de ordenación do territorio e aqueles que teñen como finalidade protexer os espazos naturais e as paisaxes. Neste sentido, resulta imprescindíbel aprobar as Directrices da paisaxe, que teñen entre outras a finalidade de incluír: "Unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sustentable do territorio, a fin de integrar neles os obxectivos de calidade paisaxística".

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No que ten a ver cos espazos naturais protexidos, percíbese unha tendencia á devaluación dos seus valores e proteccións, ao tempo que se insire unha referencia á Infraestrutura Verde mais sen concretar como se vai levar a cabo. Porque ademais da Estratexia prevista na normativa estatal, o lóxico sería que tivese a consideración dun Plan Territorial e prazos para a súa aprobación. A este respecto, cómpre sinalar que unha boa maneira de avanzar cara á infraestrutura verde sería a ampliación dos espazos naturais protexidos, nomeadamente a Rede Natura 2000, e a aprobación de plans de xestión e usos de cada un dos espazos recoñecidos con esta figura de protección.

Unha das grandes eivas do Proxecto de lei é a proclamada e non efectivizada "participación cidadá". Consideramos que existe un problema conceptual, xa que se confunde intencionadamente "participación" con "consulta" e "acceso á información". Realmente non existe vontade política de desenvolver verdadeiros procesos de participación social arredor do territorio, a paisaxe ou o patrimonio natural, procesos que deberían poñerse en práctica en diferentes fases, desde a elaboración e aprobación das leis ata o desenvolvemento dos instrumentos previstos. E *a posteriori* tamén no seguimento e avaliación das diferentes figuras de ordenación do territorio, fomentando a información e a corresponsabilidade da cidadanía.

Outra das carencias da proposta ten que ver coa "cooperación administrativa", outra declaración de intencións que queda en mera declaración retórica, xa que se contradí co non cumprimento do principio de cooperación entre institucións e o ataque da autonomía municipal que se deriva do proxecto de lei. Entendemos como máis xusto e razoábel que en lugar de facilitar a

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciativa privada "supramunicipal" (ou de "interese autonómico"), debería estimularse a colaboración interadministrativa e a iniciativa dos concellos para poder desenvolver estes instrumentos en colaboración coa Xunta de Galiza.

Con respecto aos Plans Territoriais, non semella clara a diferenciación entre Plans Territoriais Integrados e Plans Territoriais Especiais. E deberían preverse Plans Territoriais Integrados cando menos para as áreas metropolitanas, así como para a algúns problemas de natureza territorial que constitúen ameazas crecentes debido ao cambio climático como a ordenación do monte fronte aos incendios forestais.

Asemade, cada Plan Territorial Integrado debería levar asociado un "Plan Coordinado de actuación", polo que non parece lóxica a supresión desta figura, por máis que ata o momento non se aprobase ningunha. Parece razoábel manter este instrumento e potencialo como canle para o desenvolvemento conxunto de infraestruturas, equipamentos e servizos nunha escala supramunicipal.

Con respecto á perspectiva de xénero, se ben se valora positivamente a inclusión de medidas propostas pola Secretaría Xeral de Igualdade, debería facerse un maior esforzo por integrar este enfoque en todas as fases da ordenación e xestión do territorio, aplicando análises e actuacións que xa foron postas en práctica con éxito noutras latitudes. E consideramos que o proxecto debería incluír todas as propostas recollidas no informe do departamento de Igualdade.

Como se sinalou máis arriba, o verdadeiro cabalo de batalla e principal motivo de discrepancia co proxecto de lei ten que ver coa núcleo duro da mesma,

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os proxectos de interese autonómico, PIA, cuxa formulación vai na liña dos cambios normativos introducidos na lei de fomento de iniciativas empresariais ("lei de depredación"), noutras normas sectoriais e na anunciada nova lei de avaliación ambiental. O común denominador de toda esta reforma normativa está na prevalencia dos intereses económicos privados sobre o interese público, e na pretensión de alfombrar o camiño á implantación de actividades económicas extractivas, proxectos de espolio enerxético, mineiro e forestal, e grandes infraestruturas e equipamentos que teñen impactos moi negativos no solo, na paisaxe e nos ecosistemas. Unha reforma legal que ten como obxectivo desprotexer o territorio, mesmo aquelas áreas que contan con figuras de protección, e que pretende relaxar os mecanismos de avaliación ambiental e os controis públicos sobre estas afectacións. As présas coas que se pretende aprobar esta auténtica involución lexislativa parecen indicar que o actual goberno galego quere blindar a regresión nestes ámbitos, e dificultar a acción neste sentido de futuros gobernos.

Resulta particularmente evidente a incoherencia entre as disposicións xerais que consideran a ordenación territorial como unha función de carácter público e a regulación que se fai dos Proxectos de Interese Autonómico, que poderán ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa privada. Na práctica estamos a falar dunha auténtica "externalización" da función pública da ordenación do territorio, poñendo os intereses privados por riba do interese xeral. Unha privarización que, co pretexto da axilidade administrativa, vai acompañada dunha preocupante relaxación dos mecanismos de control ambiental e por parte das entidades locais, que tamén se vén prexudicadas pola merma do seu dereito a participar nas plusvalías da ordenación territorial e urbanística.

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, desde o BNG avogamos por un novo proxecto que inclúa unha ordenación e planificación pública, xerarquizada, (Directrices, Plans Territoriais, Plans Coordinados de Actuación e Plans Sectoriais) con prazos e con disposicións vinculantes e proxectuais. E no tocante aos proxectos de interese autonómico, deberíase garantir que sexan de iniciativa pública para desenvolver plans sectoriais, e, sobre todo, que a iniciativa privada non se permita no caso dos PIA non previstos nun plan sectorial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de Ordenación do Territorio de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:07:07
Nº Rexistro: 61981
Data envio: 20/01/2020 18:07:07.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/01/2020 16:46:16

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 16:46:23

CSV: BOPGDSPG5SPZPmV3n6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de reforma da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio (doc. núm. 57326, 10/PPLC-000017)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 57326(10/PPLC-000017)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de reforma da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, de despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio

Publicación da iniciativa, 548, 17.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei Orgánica 10/95 de 23 de novembro, do Código Penal, de despenalización da Eutanasia e axuda ao suicidio.**

ANTECEDENTES:

.- A CE establece no seu artigo 1.1 que *España se constitúe nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.* Regula, posteriormente, no seu Título I. Dos dereitos e deberes fundamentais, no artigo 10:

> *1.* A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social. 2.As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.
>
> *2.* As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa

CSV:REXISTROvovqOnBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

.- *O Código Penal actual regula dentro do libro II Dos delitos e das súas penas, no seu Título I Do homicidio e as súas formas, no seu Artículo 143 os seguintes supostos:*

1. O que induza ao suicidio doutro será castigado coa pena de prisión de catro a oito anos.

2 .Impoñerase a pena de prisión de dous a cinco anos ao que coopere con actos necesarios ao suicidio dunha persoa.

3. Será castigado coa pena de prisión de seis a dez anos se a cooperación chegase ata o punto de executar a morte.

4. O que causar ou cooperar activamente con actos necesarios e directos á morte doutro, pola petición expresa, seria e inequívoca deste, no caso de que a vítima sufrise unha enfermidade grave que conduciría necesariamente á súa morte, ou que producise graves padecementos permanentes e difíciles de soportar, será castigado coa pena inferior nun ou dous graos ás sinaladas nos números 2 e 3 deste artigo.

.- A Lei Xeral de Sanidade, L. 14/1986 de 25 de abril, regulou por primeira vez os dereitos dos pacientes.

.- A anterior Lei antecedeu e serve de inspiración aos principios do Convenio de Oviedo, Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicación da bioloxía e a medicina. Convenio tamén coñecido como Convenio sobre os

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

dereitos do home e a biomedicina, subscrito o día 4 de abril de 1997, con entrada en vigor en España o 1 de xaneiro de 2000.

.- A Lei 41/2002, do 14 de novembro, Básica Reguladora da Autonomía do Paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica dispón que «todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento». Salvo cando, non sendo posible conseguir a autorización, hai risco para a saúde pública ou «risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do enfermo e non é posible conseguir a súa autorización, consultando, cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el».

.- A lei 16/2003 de cohesión e calidade no sistema nacional de saúde, regula a atención ao paciente terminal como prestación básica da atención primaria.

.- En Galicia a denominada morte digna, regúlase na Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. «DOG» núm. 133, de 16 de xullo de 2015 «BOE» núm. 228, de 23 de setembro de 2015.

.- O Grupo de Estudios de Política Criminal xa no ano 1991 emitiu un manifesto a favor da dispoñibilidade da propia vida e no ano 1992 unha proposta alternativa de tratamento xurídico das conductas de terceiros relativas á dispoñibilidade da propia vida, que no 2014 e posteriormente no 2016 revisaron e actualizaron dentro dos traballos realizados polos 25 anos de traballo do grupo.

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"Hoxe, cansado da desidia institucional, véxome obrigado a morrer ás agachadas, como un criminal. O proceso que conducirá á miña morte foi escrupulosamente dividido en pequenas accións que non constitúen ningún delito en si mesmas e que foron levadas a cabo por diferentes mans amigas. Se aínda así, o estado insiste en castigar aos meus cooperadores, eu aconséllolles que lles sexan cortadas as mans, porque iso é o único que achegaron". "Como poden ver, ao meu lado teño un vaso de auga que contén unha dose de cianuro potásico. Cando o beba, deixarei de existir, renunciando ao meu ben máis prezado: o meu corpo". Ramón Sampedro.

O caso de Ramón Sampedro foi un revulsivo nesta materia; houbo un antes e un despois a raíz do mesmo. Tetrapléxico tras sufrir un accidente no ano 1968, puxo fin á súa vida o 12 de xaneiro de 1998 logo dun longo periplo xudicial na procura dunha morte digna. Como binomio irrenunciábel de calquera sociedade democrática plural, a idea da interrelación da dignidade e a liberdade como fundamentais na procura da morte digna -máis aló do concepto de morte sen dor- instalouse con máis forza no imaxinario colectivo e provocou un gran e aberto debate social, provocado en gran medida polas verbas de Ramón Sampedro.

Sacudiu conciencias e afondouse na idea de avanzar cara unha ética dos coidados regulada, co obxectivo da modificación da lexislación vixente que segundo os expertos deixa desprotexidas ás persoas en peor situación, tal e como amosa o esmerado labor de colectivos como a Asociación Derecho a Morir Dignamente. O caso de María José Carrasco, recentemente, reabriu a necesidade de que o lexislador revise as disposicións normativas referidas a esta materia para evitar as lamentables imaxes como as da detención e posta a disposición xudicial

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

do seu marido. Faise necesario, por ilo, atallar a despenalización da eutanasia e da axuda ao suicidio en primeiro lugar, por imperativo dunha interpretación constitucional dos dereitos fundamentais baixo o tipo reitor obxectivado no art. 10 do Texto da Carta Magna.

Con todo, hoxe en día, Ramón Sampedro atoparíase coa mesma situación á que se enfrontou en 1998. El e o seu entorno. As súas verbas cobran mesmo máis forza. Ningún argumento pode superar ese relato en primeira persoa para xustificar a necesidade desta proposición de lei de modificación do CP no que á eutanasia e ao suicidio asistido se refire, pondo en relación a dignidade e liberdade da persoa -que son obxecto de protección constitucional- ao referirse aos dereitos fundamentais das persoas *(Qué hacemos para conseguir que la lucha por una vida digna incluya la exigencia de una muerte digna, AKAL. Luís Montes, Fernando Marín, Fernando Pedrós, Fernando Soler).*

Así, xa no ano 1991 o Grupo de Estudios de Política Criminal fixo público un manifesto a favor da dispoñibilidade da propia vida. Buscaba, en palabras da catedrática María Luísa Cuerda Arnau, o recoñecemento da dignidade da persoa e do libre desenrolo da personalidade.

Era firmado por máis dun centenar de catedráticos, profesores titulares, xuíces e fiscais. En esencia, matizaba Cuerda, *o que entón defendemos era a imperiosa necesidade de axustar neste punto a lexislación penal ao recoñecemento constitucional da dignidade da persoa e o libre desenvolvemento da personalidade (art. 10 CE) como característica inherente ao Estado democrático. Como alí se dicía, os dereitos fundamentais da persoa proclamados na Constitución (CE) deben ser interpretados de maneira integradora e non contraditoria co disposto no*

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

artigo 10 da CE, que ha de ser considerado como tipo reitor da interpretación constitucional dos dereitos fundamentais. A vida, que dúbida cabe, é un ben digno de protección penal. Con todo, diso non se deriva a posibilidade de entender o dereito á vida como unha sorte de deber que se impón ao cidadán anulando a liberdade e dignidade inescindible da súa condición de persoa.

A pregunta que se plantexa é se está xustificado o castigo daqueles que interveñen na morte de quen de xeito libre e responsable decide por fin á súa vida. Rexía naquela época, segue indicando Cuerda, *un Código penal (CP) que, na súa estrutura básica, era herdanza dun réxime autoritario e que ofrecía unha regulación (art. 409) profundamente insatisfactoria que conducía a sancionar calquera tipo de intervención na morte querida dun ser capaz e responsable. (...) Fronte a ese estado de cousas, o GEPC quixo poñer de relevo a iniquidade de sancionar determinadas condutas, que unha correcta interpretación do texto constitucional impedía castigar; a saber:*

A conduta do médico que interrompe ou deixa de aplicar procedementos terapéuticos tendentes a atrasar arbitrariamente o momento da morte prolongando artificialmente a agonía respecto dunha persoa carente de perspectivas de curación ou mellora.

1. *A conduta do médico que interrompe ou deixa de aplicar procedementos terapéuticos tendentes a atrasar arbitrariamente o momento da morte prolongando artificialmente a agonía respecto dunha persoa carente de perspectivas de curación ou mellora.*

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

2. *A actividade médica que aplica procedementos analxésicos ou paliativos que puidesen producir o efecto dun acortamento da vida nun enfermo con prognóstico terminal.*

3. *A provocación da morte a petición, expresa e seria do afectado para poñer fin a unha situación de sufrimento ou dor, grave e irreversible que non poida ser suprimida por medios distintos.*

A propia autora remata indicando que namentres o lexislador non dea ese paso adiante no recoñecemento do dereito á dispoñibilidade da propia vida e, polo tanto, ao dereito a unha morte digna, seguiremos asistindo a un insuficiente desenvolvemento constitucional dun dereito fundamental e, ao mesmo tempo, a un desaxuste entre o que defende maioritariamente a sociedade española e o que di a lei. A recente retirada do proxecto de reforma da popularmente coñecida como lei do aborto e as súas consecuencias políticas son un inmellorable exemplo do poder que nunha democracia ten a voz da cidadanía.

*(*http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/131967/66454.pdf?*)*.

Cos diferentes avances lexislativos e co novo CP de 1995, o GEPC xa no 2014 e posteriormente no 2016 revisou a súa postura, acabando por afirmar que debía modificarse o art. 143 do CP no senso de dispor no seu punto 4:

"4.- Non será punible nin a colaboración (en) nin a produción da morte doutro por parte dun médico ou de calquera outra persoa baixo a súa dirección, se media a solicitude expresa, libre e seria dunha persoa que teña capacidade natural de xuízo, sempre que esta padeza graves

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

sufrimentos non evitables que se deriven dunha afección incurable que lle conducirá proximamente á morte ou que, sendo permanente, incapacítalle de maneira xeneralizada para valerse por si mesma. No seu caso, entenderase por solicitude expresa, libre e seria a manifestada nun documento de instrucións previas ou de vontades anticipadas".

Igualmente propoñen suprimir o .2 do art. 143 do CP, sendo impune a cooperación ao suicido, tanto a necesaria como a mera complicidade.

O obxecto da presente proposición de lei é a modificación do artigo 143 do Código Penal, dacordo cunha interpretación integradora dos dereitos fundamentais tendo como tipo reitor o artigo 10 da CE á hora de valorar como obxecto de protección a vida digna.

Dende o punto de vista xurídico, a eutanasia é o *comportamento que, de acordo coa vontade ou interese doutra persoa que padece unha lesión ou enfermidade incurable, xeralmente mortal, que lle causa graves sufrimentos e afecta considerablemente á súa calidade de vida, dá lugar á produción, anticipación ou non aprazamento da vida do afectado. Na eutanasia prodúcese un grave conflito individual da persoa que sofre unha enfermidade incurable e con graves padecementos que quere morrer e a asistencia dun terceiro que por móbiles de piedade que coa súa intervención propicia a anticipación da morte (Díaz Ripollés).*

O artigo 143 do CP ten como o obxecto xurídico protexido a vida; pero sen desentenderse dos valores da dignidade e da liberdade nesa protección. E, porén, tamén debe valorarse a procura dunha morte digna.

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

Trátase da protección da adopción en liberdade daquelas decisións que poñan en valor a propia vida e a dispoñibilidade desta. Falan as expertas da aspiración de morrer dunha forma coherente coa biografía de cada individuo como unha cuestión persoal, complexa como a propia vida e, íntima.

Distintos avances lexislativos abren novas ventás de oportunidade para coa despenalización da eutanasia e do suicidio asistido, como é o recoñecemento do dereito á autodeterminación do paciente fronte ao propio médico. Transítase o camiño cara a ética dos coidados no que os valores prevalecen sobre os meros datos ao final da vida.

Tal dereito está garantizado no artigo 8.2 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, Básica Reguladora da Autonomía do Paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica; que determina no art. 2.4 que «todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento». Salvo cando, non sendo posible conseguir a autorización, hai risco para a saúde pública ou «risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do enfermo e non é posible conseguir a súa autorización, consultando, cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el». Todo ilo por estrita relación para co regulado no Convenio de Oviedo, subscrito o día 4 de abril de 1997, con entrada en vigor en España o 1 de xaneiro de 2000.

Na esfera internacional, estados como Holanda, Bélxica ou Suíza xa regulan estes supostos, aclarando os estudosos do tema a maiores *sen que se dese o efecto en cascada ou efecto chamada que se prevía polos detractores da regulación da eutanasia; demostrando as sondaxes que o*

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

exercicio do dereito se produce sen problemas e con normalidade.

Con diferentes matices, Oregón legalizou o suicidio medicamente asistidido no 1997; Suíza legalizou a asistencia ao suicidio no 2001; Holanda e Bélxica a eutanasia no 2002; o Estado de Washington o suicidio asistido medicamente no 2008; Luxemburgo aprobou a súa lei da eutanasia e á asistencia ao suicidio no 2009; o Estado de Vermont legalizou o suicidio medicamente asistido no 2013; Quebec aprobou unha lei de legalización da eutanasia no 2014; os Estados de Montana e de California regularon o suicidio medicamente asistido no 2015; Colombia, no 2015 publicou unha resolución do Ministerio de Saúde y Protección Social na que se establece o dereito fundamental a morrer con dignidade, logo dun intenso debate a nivel social e xurídico; Canadá aprobou la lei de suicidio asistido e a eutanasia o 17 de xuño de 2016.

No Estado Español aínda hoxe non se dispón dunha norma integral de protección e garantía de dito dereito, a pesar de varios intentos lexislativos, estando castigadas no art. 143 do CP as conductas que levaron no seu momento a xudicializar o suicidio de Ramón Sampedro. De aí que sexa preciso afondar, cando menos, no debate e despenalización de dita materia.

En varias comunidades xa se regulou a chamada morte digna Galicia, Asturias, Euskadi, Navarra, Aragón, Andalucía, Baleares e Madrid. En Galicia a través da Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. «DOG» núm. 133, de 16 de xullo de 2015 «BOE» núm. 228, de 23 de setembro de 2015.

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

Pasando décadas dende que Ramón Sampedro decidira por fin voluntariamente á súa vida o 12 de xaneiro de 1998; o recente caso de María José Carrasco volveu xerar a crispación social que lembra que a lei habitualmente vai por detrás dos avances da sociedade.

Hoxe, máis que nunca, queda patente que o dereito a un final digno para a vida das persoas que se atopan na situación descrita polo articulado antes mentado debe ser materia de regulación legal e despenalización debidas. O poder lexislativo non pode seguir evitando as súa responsabilidade nesta materia.

Todo ilo, apoiado nos antes mentados avances sociais relacionados coa aceptación colectiva de prácticas relacionadas coa eutanasia e o suicidio asistido, e o malestar polas detencións e sometemento a procesos xudiciais daqueles que prestan axuda a quen quere dispor do seu dereito á vida nos termos e coas garantías indicadas. Así, a recente sondaxe levada a cabo por metroscopia indica que o 87% dos españois cren que un enfermo incurable ten dereito á asistencia para por fin á súa vida sen dor (Metroscopia (en 2019).

De aí, da suma das reivindicacións cidadás e de colectivos sociais e do apoio de expertos na materia, dos avances técnicos e lexislativos, pode extraerse a necesaria modificación do CP, resultando acaído proceder a presentar a proposta de lei que aquí se formula.

ARTIGO ÚNICO: *Modifícase o apartado 4 do artigo 143 da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, que queda redactado do siguiente modo:*

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 18:14:36
Nº Rexistro: 57326
Data envío: 09/10/2019 18:14:36.754

«4. Non obstante o establecido polos apartados anteriores, está exento de responsabilidade penal o que, por petición expresa, libre e inequívoca dunha persoa que padeza unha enfermidade grave que o conducirá necesariamente á morte ou unha patoloxía incurable que lle provoca sufrimento físico ou psíquico grave e que se prevé que será permanente, cause con actos necesarios a morte segura, pacífica e sen dor desta persoa ou coopere a iso, dentro do marco legal establecido.»

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/10/2019 18:09:42

Paula Vázquez Verao na data 09/10/2019 18:09:48

Francisco Casal Vidal na data 09/10/2019 18:10:03

David Rodríguez Estévez na data 09/10/2019 18:10:20

CSV: REXISTROvovq0nBBR6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 61984(10/CPP-000119)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar da axenda galega plantexada diante diante do Goberno Central para a súa concreción e execución

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 ENE. 2020
Núm. 61984

galicia

20 XAN. 2020
SAÍDA
Núm. 5

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar **"da axenda galega plantexada diante do Goberno Central para a sua concreción e execución".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 20/01/2020 14:34:46

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: 4eFQvMd8vr1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 60303(10/MOC-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector naval. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 57041, publicada no BOPG n.º 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 17 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 12:51:34
Nº Rexistro: 60303
Data envío: 20/12/2019 12:51:34.103

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 17 de decembro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do sector naval.

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Constituír inmediatamente a mesa do naval galego na que estean presentes todos os axentes relacionados co sector, Xunta de Galicia, sindicatos, patronal e empresas auxiliares, co fin de acordar as posibles solucións á situación do sector naval en Galicia.

2. Elaborar un estudo de viabilidade para o naval galego, que contemple o mantemento do sector a longo prazo, o mantemento dos postos de traballo e o pago ás auxiliares.

3. En canto ás conclusións do estudo de viabilidade, elaborar, no primeiro semestre do ano 2020, un plan estratéxico para o naval galego.

4. Establecer, a través do Igape, un conxunto de axudas que garantan o desenvolvemento do plan de viabilidade condicionadas ao mantemento da actividade e dos empregos.

5. Mediar para a consecución dun plan de financiamento privado que permita, conxuntamente coas axudas públicas, desenvolver o plan de viabilidade e a continuidade dos estaleiros galegos a longo prazo.

6. Negociar coa autoridade portuaria de Vigo a continuidade de Vulcano nos terreos de dominio público.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2019

CSV:REXISTRO8s2a5Tfqt6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 12:51:34
Nº Rexistro: 60303
Data envío: 20/12/2019 12:51:34.103

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/12/2019 12:48:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/12/2019 12:48:43

CSV: REXISTRO9sz2a5Tqt6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 60306(10/MOC-000176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 59274, debatida na sesión plenaria celebrada o 18 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:25:22
Nº Rexistro: 60306
Data envío: 20/12/2019 13:25:22.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 18 de decembro (doc. núm **59274**, [**10/INT-002029**]), sobre a política do Goberno galego en relación cos servizos hospitalarios de urxencias.

Moción

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Proceder a realizar o dimensionamento dos servizos de urxencias para rematar coa indignidade da ubicación, permanencia e atención dos e das doentes nos corredores.

2.- Proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal e á corrección das deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas, denunciadas sistematicamente polo persoal que presta os seus servizos nos mesmos.

3.- Presentar no Parlamento de Galiza, á maior brevidade un informe cos plans de continxencias establecidos para os servizos de urxencias, para cada un dos hospitais do Sergas, de cara a afrontar o aumento da frecuentación de doentes a causa da gripe ou doenzas epidemiolóxicas.

CSV:REXISTROhzbYmjady6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:25:22
Nº Rexistro: 60306
Data envío: 20/12/2019 13:25:22.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas de xeito permanente, camas, quirófanos... Abrir as plantas e camas pechadas ou bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

5.- Presentar un plan de ordenación de RRHH que permita establecer un cadro de persoal coas rateos axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e convocar a totalidade das prazas vacantes.

6.- Poñer en marcha as actuacións, cos recursos orzamentarios precisos, que veñen demandando profesionais e poboación de cara a reverter o deterioro da Atención Primaria: aumento de profesionais, incorporar categorías imprescindíbeis para formar equipos multicisciplinares (logopedas, psicólogas e psicólogos, terapeutas ocupacionais...), aumento orzamentario, capacidade resolutiva, orzamentaria e de decisión.

7.- Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

8.- Facer públicas, de inmediato, a totalidade das listas de espera do Sergas, tanto estruturais como non estruturais, e dos chamados *buzóns*".

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTROhzbYmjady6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:25:22
Nº Rexistro: 60306
Data envio: 20/12/2019 13:25:22.959

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/12/2019 13:24:00

Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2019 13:24:08

CSV: REXISTRO:hzbYmjady6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 60315(10/MOC-000175)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre a política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 57809, debatida na sesión plenaria do 18 de decembro de 2019)

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 57809 (10/INT-001976)** debatida na sesión plenaria do 18 de decembro de 2019, en relación coa política do Goberno galego ante a crise xerada polo peche das centrais térmicas de carbón

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o "Mapa da Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)", baixo a dirección e coordinación das Universidades galegas coa participación de todos os colectivos implicados: Xunta de Galicia, Goberno do Estado, Concellos, empresas, sindicatos, asociacións cidadáns e ecoloxistas, etc.

2.- Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo, en paralelo ao "CLEW-Galicia", para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado Mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortegal e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas.

En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos, estatais e da propia Xunta de Galicia para poñelo en marcha.

3.- Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integren ás Comunidades Autónomas, para

CSV:REXISTRO8EhEYMZEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do marcado pola Unión Europea.

5.- Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proyectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava, e que non foi executada.

6.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

7.- Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

8.- Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos

CSV: REXISTRO9EhEYMZEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

9.- Promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica.

Os proxectos que ata este momento se tiñan apoiado estaban vinculados ao desenvolvemento de novas infraestruturas físicas, non dunha maior capacidade técnica dos traballadores. Hai que apostar de maneira decidida pola formación profesional no eido da sustentabilidade e das novas tecnoloxías presentes na transición enerxética: Instalación e mantemento en enerxías renovables; técnicas de eficiencia enerxética en edificios; técnicas de reciclaxe e eliminación de residuos; etc.

Os axentes económicos non buscan nestes momentos lugares con polígonos industriais, se non lugares con traballadores moi ben formados e cun alto nivel de produtividade. É tamén con infraestruturas dixitais e de banda larga de última xeración. Porque non as primeiras de 5G en Galicia en As Pontes e Cerceda. Isto é o complexo e diferenciador, facer unha nave non aporta ningún valor engadido.

10.- Desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa. Isto atraería a empresas destes sectores a instalarse nestas comarcas.

11.- Promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non volver ao monocultivo industrial.

12.- Recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica. Desta maneira desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombreiras pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable. Cremos que se fixo un bo traballo de restauración ambiental nas de As Pontes e

CSV: REXISTRO9EhEYMZEJ6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

terían que pasar de maneira inmediata a ser un polo de creación de emprego ligado a natureza e o turismo.

13.-Creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalistas. Asociado ao mesmo estaría o centro de testeo de nova tecnoloxía renovable.

14.-Creación dun Centro de Eco-Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóbiles e outros sectores verdes. Ligado ao centro de formación profesional especializado nestes sectores. Isto atraería a empresas de outras autonomías e fomentaría que leven aos seus técnicos a formarse neste centro. E por suposto rexeitar proxectos que non vaian nesta liña de futuro e que só presenten proxectos oportunistas ante os posibles incentivos.

15.- Desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética de vivendas para conseguir aforros en calefacción e iluminación, co obxectivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministro de enerxía eléctrica. Isto posibilitaría tamén a creación dun novo tipo de emprego especializado na auditoría enerxética e o testeo de medidas de eficiencia que despois se poderían implantar en toda Galicia.
Este plan podería dar traballo, despois dun proceso urxente de formación e reciclado profesional a todas as empresas auxiliares que traballaban ata o momento en As Pontes e Meirama.

16.- Creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe.

17.- Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes.

CSV: REXISTRO0EhEYMZEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

18.- Instar aos Concellos de As Pontes e Cerceda a dar exemplo, desenvolvendo unha política de compras verdes que ademais prime a produción local.

19.- Poñer en marcha de inmediato, en canto esté constituído o Goberno do Estado, os traballos de recuperación ambiental das Rías do Burgo e de Pontevedra. O transporte dos centos de miles de lodos tóxicos a planta de Sogarisa en As Somozas, para a súa inertización podería dar traballo aos transportistas de As Pontes por un período de mais dun ano. En paralelo se desenvolverá e financiará un plan urxente para abrir a posibilidade a estes transportistas de diversificar as súas posibilidades de traballo nun sector de forte demanda.

20.- Desenvolver todas a as accións propias nos orzamentos da Xunta de Galicia, e instar ao Goberno do Estado nas que sexan da súa competencia, así como as actuacións ante a UE, para acadar a **Financiación** de todas estas iniciativas enumeradas anteriormente:

a) Execución das partidas pendentes, decenas de millóns de euros, dos plans Miner paralizadas polo goberno do Sr. Rajoy.
b) Execución das novas partidas previstas na disposición adicional centésimo oitava dos orzamentos de 2018, todavía en vigor.
c) Reclamar dotacións orzamentarias provintes da recadación por dereitos de emisión de CO2 como contrapartida aos millóns de toneladas que se deixarán de emitir nas Pontes e en Meirama. Todo o Estado que se beneficiou da produción eléctrica nestas comarcas ten que compénsalas agora.
d) Acadar fondos europeos, a partir de 2021, despois de presentar o Mapa da Transición sostible de Galicia e as súas aplicacións as comarcas de As Pontes e Meirama.
e) Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.
f) Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos

CSV: REXISTRO9EhEYMZEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:39:05
Nº Rexistro: 60315
Data envío: 20/12/2019 13:39:05.965

medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

g) Desenvolver dentro das súas competencias tributarias, e instar ao Goberno do Estado a desenvolver dunha nova Fiscalidade ecolóxica."

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/12/2019 11:25:15

Luis Villares Naveira na data 20/12/2019 11:25:28

CSV: REXISTRO9EhEYMZEJ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 52569(10/PNP-004623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as medidas en relación cos danos provocados polo xabaril

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52569
Data envío: 12/07/2019 14:48:35.938

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Proposición non de lei.

Roberto García González, con l súa condición de secretario xeral da Organización Profesional Agraria **UNIÓNS AGRARIAS – UPA**, con CIF G-15115322 e domicilio na rúa Doutor Maceira núm. 13 – baixo de SANTIAGO DE COMPOSTELA (15706 - A Coruña), con teléfono 981530500, fax 981531724 e correo-e unionsagrarias_upagalicia@upa.es, comparece e DI:

Primeiro.- Que UNIÓNS AGRARIAS-UPA é unha organización profesional agraria constituída ao amparo da Lei 19/1977, de 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que se encontra dedicada, entre outros fins, á defensa dos intereses do sector vitícola.

Xúntanse ao presente escrito, para acreditar o exposto e a representación do comparecente, os seguintes documentos:

1. Estatutos de Unións Agrarias-UPA.
2. Certificación dos cargos vixentes da Comisión Executiva Nacional de Unións Agrarias-UPA, estendida polo xefe de sección de Relacións Laborais da Secretaría Xeral de Emprego da consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Segundo.- Que por medio do presente escrito, ao amparo do establecido no artigo 16 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, ven a promover a presentación dunha proposición non de lei que se basea nas razóns que deseguido se expoñen, e que a xuízo da organización que representa o dicente aconsellan a súa tramitación e aprobación por este Parlamento co texto que máis adiante se indica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema social en Galicia. As poboacións destes animais causan danos na agricultura que Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media nos últimos anos duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano, vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a este efectos negativos, o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e predansobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás cidades co perigo certo que supoñen para as

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 12/07/2019 14:47:48
CSV: REXISTROcWRDrloNI9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52569
Data envío: 12/07/2019 14:48:35.938

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 12/07/2019 14:47:48

CSV: REXISTROcWRDrioNI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como vén de pasar en Ponteareas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen no rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago dos danos,aos TECOR eSociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por isto UNIÓNS AGRARIAS-UPA, vén a promover a presentación dunha proposición non de leico seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna en Galicia para que a Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades:

1. Elaboración dun censo da poboación de xabaril en Galicia.
2. Determinaciónda densidade máxima de xabarísque pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animalá cabana gandeira,
3. Determinación das medidas de control da poboación de xabarís.
4. Determinación das medidas para o control dos danos na agricultura, apoiándose na execución das mesmasnos TECOR e Sociedades de Caza.
5. Pago das indemnización por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.
6. Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

Co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabarile a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie, pon en perigo.

Polo dito,

SOLICITA: que se teña por presentado este escrito e por promovida a presentación dunha proposición non de lei nos termos que quedan expostos para que, logo dos trámites que procedan conforme ao establecido no artigo 16 e demais concordantes da Lei 7/2015, do 7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52569
Data envío: 12/07/2019 14:48:35.938

de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, sexa aprobada polo Pleno da Cámara.

Santiago, 12 de xullo de 2019.

ROBERTO GARCIA

Asdo. *Roberto García González*

Secretario xeral UUAA-UPA

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 12/07/2019 14:47:48

CSV: REXISTROcWRDrloN9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52569
Data envío: 12/07/2019 14:48:35.938

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 12/07/2019 14:47:48

ESTATUTOS

DE UNIÓNS AGRARIAS-UPA

CSV: REXISTRO-cWRDrloNI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52569
Data envío: 12/07/2019 14:48:35.938

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 12/07/2019 14:47:48

CSV: REXISTROcWRDrioNI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 58789(10/PNP-004373)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación de novas titulacións nos campus universitarios

Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 18:23:36
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 12/11/2019 18:23:36.139

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas chegaron a un acordo no ano 2017: a incorporación de catorce novas titulacións de grao durante o trienio 2018-2020 e retirar a oferta de oito graos co consenso de todas as partes implicadas. Membros da **plataforma ProCampus**, integrada por sindicatos, persoal docente e representantes cidadáns, criticaban que as decisións dos sete campus galegos non eran equitativas, producíndose unha discriminación reiterada, dos últimos 30 anos, no campus de Ourense e afectando ao ámbito científico-tecnolóxico da potencialización de dito campus.

Durante este ano, os reitores das tres universidades acordaron unha revisión do conveniado no 2017 respecto á incorporación adicional de titulacións á Universidade da Coruña (UDC) e á Universidade de Santiago de Compostela (USC), deixando sen esclarecer que pasará na Universidade de Vigo. En xullo, anunciábase a **supresión do Dobre Grao de Informática e ADE**, estudos que o ano pasado alcanzaron a terceira nota de corte do campus. Ademais, **o grao de Turismo deixa de impartirse en exclusiva en Ourense**, sendo compartido coa UDC. Pola súa parte, o **Máster de Enxeñaría Aeronáutica**, que é de

CSV:REXISTROcLm6SYRQo6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 18:23:36
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 12/11/2019 18:23:36.139

continuación natural do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte en exclusiva na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) do campus de Ourense, **pretenden sexa instalado na Escola de Camiños da Coruña**.

O grao en Enxeñaría Aeroespacial habilita para exercer como enxeñeiro técnico ou perito aeronáutico, mentres que o máster en Enxeñaría Aeronáutica faino para exercer como enxeñeiro superior aeronáutico. Polo que, parece lóxico, que o máster sexa a continuación do grao en Enxeñaría Aeroespacial que se imparte na EEAE do campus ourensá, completando así, a titulación en Ourense.

Na actualidade, é evidente que **os plans para Ourense redúcense basicamente a suprimir os seus estudos, mentres que nos campus da Coruña, Vigo, Santiago, Lugo, Pontevedra e Ferrol, implántanse máis dunha ducia de graos.**

Supresión do Dobre Grao de Informática e ADE

Antes do 30 de abril de cada ano, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional remítelle á Conferencia Xeral de Política Universitaria a oferta de prazas das titulacións do sistema universitario de Galicia para o curso académico que comeza en setembro. Así consta na ***Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia***.

Conforme á Instrución Primeira, a Secretaría Xeral de Universidades solicita a proposta de oferta de prazas de cada universidade para cada unha das súas titulacións de grao e máster co fin de proceder á súa análise e aprobación previa presentación na Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así que, en marzo deste ano, o Consello de Goberno da UVigo remitiu á Xunta a proposta de oferta de 20 prazas para a dobre titulación. Esa **proposta foi modificada en abril pola**

CSV: REXISTROcLm6SYRQo6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 18:23:36
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 12/11/2019 18:23:36.139

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Secretaría Xeral de Universidades (de 20 a 0).

A Instrución Sexta, pola súa parte, contempla a redución do número de prazas ofertadas para unha titulación ante dous supostos: (1) que non se cubran as prazas ofertadas ou (2) que a taxa de gradación sexa inferior ao 35% durante os últimos tres cursos. Ningunha destas dúas circunstancias concorren na titulación do dobre grao de ADE e Informática, pois viña cubrindo prazas cada ano (coa terceira nota de corte do campus) e o pasado mes de xuño graduouse a súa primeira promoción.

Como se citaba anteriormente, no mes de xullo, os medios de comunicación fanse eco da supresión do dobre grao de Informática e ADE. A decisión, tomada polo Secretario Xeral de Universidades, entra en contradición coa Resolución que recolle as instrucións do mes de abril pasado.

Segundo a Exposición de motivos da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o ensino universitario é un servizo público, e o SUG é o seu provedor na nosa comunidade, a través das institucións que forman parte do mesmo. Partindo desta premisa, a lei recoñece o papel das universidades como puntal da sociedade do coñecemento, institucións indispensables para lograr a cohesión económica e social, polo que a formación que ofrecen debe dar resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, entendendo o estudo na universidade como un contínuum na vida das persoas, debendo atender a estas demandas e adaptarse ás novas necesidades sociais, de forma que contribúa a fortalecer a cohesión social e a reducir as desigualdades.

O artigo 7 da Lei, establece, nos seus apartados 4 e 5, o seguinte respecto ao *Equilibrio territorial e campus universitarios*:

A Xunta de Galicia fomentará o avance das universidades públicas cara a unha **organización territorial, tendente a unha maior especialización**,

CSV: REXISTROeLm6SYRQo6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 18:23:36
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 12/11/2019 18:23:36.139

compatibilidade e calidade da docencia e investigación nos campus.

A Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias, establecerá as accións e medidas necesarias para contribuír a **conseguir o equilibrio entre campus**.

A maiores, o artigo 8 en relación aos *Criterios sobre a implantación de titulacións e centros*, no apartado 1 establece que:

A **creación e localización de novas titulacións** e centros e, en definitiva, a ordenación do SUG, **seguirán unha programación que atenda á demanda universitaria e á dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios**, axustándose aos seguintes criterios cuxa prelación, en caso de conflito, haberá de ser determinada motivadamente en cada caso concreto polo órgano competente para adoptar a decisión de que se trate: […]

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Que se proceda a unha repetición acorde ao documento asinado polas tres universidades e a Consellería que establece como unha das liñas prioritarias na planificación do SUG a implantación de novas titulacións en campus non centrais.

- Que se respecten os artigos 7 e 8 que establece a Lei do sistema Universitario de Galicia así como os principios reitores da planificación do SUG.

- Evitar que o dobre Grao en Informática e ADE que quere impulsar a Universidade Privada de Abanca, compita con algunhas das titulacións.

CSV: REXISTROeLm6SYRQo6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2019 18:23:36
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 12/11/2019 18:23:36.139

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Que non se reduzan as prazas do Grao de Dereito, aínda que se implante o Grao en Relacións Internacionais.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2019 17:53:59

Luca Chao Pérez na data 12/11/2019 17:54:11

CSV: REXISTROcLm6SYRQo6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 58933(10/PNP-004379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a postura do Parlamento de Galicia respecto do acordo da Asemblea de Madrid no que se insta á ilegalización de determinados partidos políticos

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 10:35:46
Nº Rexistro: 58933
Data envío: 18/11/2019 10:35:46.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de novembro a Asemblea de Madrid aprobou, cos votos de PP, Ciudadanos e Vox, unha proposición non de lei na que se insta ao goberno do Estado a ilegalizar "los partidos separatistas que atenten contra la unidad de la nación con los instrumentos legales a su alcance o procediendo a las reformas legales que habiliten a ello".

Este acordo constitúe un grave ataque contra o pluralismo político, contra o estado de dereito, contra a división de poderes e contra a democracia mesma. Mais alá da súa nula eficacia xurídica, o que pon de relevo é a sintonía ideolóxica do PP coa ultradereita reaccionaria, machista, racista e antigalega de VOX, unha realidade que non sorprende a ninguén polos pactos suscritos entre ambas forzas políticas e pola alianza selada na foto de Colón, coa participación activa e entusiasta do presidente da Xunta de Galiza Alberto Núñez Feixóo.

Se este acordo é grave, éo máis a naturalidade con que o PP convive con VOX, comparte o seu ideario, lexitima e a súa ideoloxía fascista, e lle dá protagonismo á súa axenda política. Foi este o caldo de cultivo -xunto con outros intereses partidistas que

CSV:REXISTROrCvYLuEKT6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 10:35:46
Nº Rexistro: 58933
Data envío: 18/11/2019 10:35:46.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puxeron no mapa esa axenda reaccionaria e ultra-, o que favoreceu a naturalización e o blanqueo de VOX.

Mais esta complacencia e complicidade coa extrema dereita é un feito aínda máis grave porque supón a normalización dunha organización profundamente xenófoba e antigalega, que ataca no seu programa e nas súas proclamas públicas o autogoberno galego, a identidade do noso pais, a oficialidade do noso idioma e o pluralismo político da sociedade galega. E supón tamén a lexitimación dunha forza política que ataca os dereitos e liberdades das mulleres, que combate os dereitos das identidades de xénero e da diversidade sexual, e que utiliza de maneira infame a poboación inmigrante como chivo expiatorio da crise política, económica e social do Estado.

Nas eleccións xerais do pasado 10 de novembro, o pobo galego deu unha lección de democracia co seu voto, impedindo que VOX obtivese representación polas circunscricións galegas no parlamento do Estado. O noso país, foi un dos poucos, xunto con Euskadi, Navarra e A Rioxa onde se artellou nas urnas un auténtico cordón sanitario contra a ultradereita fascista, machista. xenófoba e antigalega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlanentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento acorda como resolución:

1. Amosar o seu rexeitamento en relación co acordo da asemblea de Madrid no que se insta ao goberno central a ilegalizar os partidos separatistas que atenten contra a unidade de España.

CSV: REXISTRO/CvYLuEKT6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 10:35:46
Nº Rexistro: 58933
Data envío: 18/11/2019 10:35:46.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Manifestar a defensa do autogoberno, do pluralismo político, da identidade galega e da oficialidade do noso idioma fronte aos ataques da extrema dereita.

3. Expresar a condena polos ataques machistas contra os dereitos e as liberdades das mulleres e os intentos por parte da ultradereita de impoñer unha axenda reaccionaria contra os avances acadados polo feminismo e polas mulleres.

4. Facer un chamamento á sociedade e ás organizacións políticas galegas para aillar socialmente, combater e rebater as súas mentiras e non chegar a pactos ou acordos coa extrema dereita racista, machista e antigalega.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROrCvYLuEKT6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 10:35:46
Nº Rexistro: 58933
Data envio: 18/11/2019 10:35:46.509

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2019 10:33:59

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2019 10:34:05

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2019 10:34:12

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2019 10:34:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2019 10:34:28

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 10:34:36

CSV: REXISTRO:CvYLuEKT6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 59184(10/PNP-004403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central co fin de simplificar o proceso de retorno dos españois e das súas familias

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:19:59
Nº Rexistro: 59184
Data envío: 21/11/2019 13:19:59.682

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Mª Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Hoxe mais de medio millón de galegos residen no exterior. Certo é que sete de cada dez naceron xa na diáspora, non son emigrantes, pero si galegos no exterior que na súa inmensa maioría seguen a manter coa terra de orixe dos seus pais e avós unha fonda vinculación persoal e emotiva.

Moitos destes galegos do exterior teñen a súa vista posta en Galicia ante a posibilidade de mellorar a súas condicións de vida e a das súas familias. Algúns proceden de países que están a pasar por unha situación de crise económica e social como é o caso de Venezuela, pero outros fano dende Suíza que se atopa en segundo lugar en número de retornados ou de Brasil, Estados Unidos ou Reino Unido que ocupan os seguintes postos. Esta realidade recóllese nos datos publicados polo INE para 2018 que reflicten un saldo migratorio positivo que duplica o do ano anterior e os mellores datos de retorno da última década.

A Constitución Española establece no seu artigo 42 que "O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara o seu retorno", o que esixe a necesaria implicación do Estado nas políticas de retorno. Pero este é tamén un principio reitor da política social e económica da nosa Comunidade, tal e como se reflicte no Estatuto de Autonomía de Galicia, pois expresamente recolle no seu artigo 4.3 "O dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra".
Por elo a Administración Galega non debe ser allea á formulación de políticas que favorezan o retorno de emigrantes galegos e os seus descendentes, un compromiso especialmente relevante nun momento de crise social e económica nalgúns dos países onde residen un número importante de galegos do exterior.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV:REXISTROmd2pBxTTC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Neste entorno debemos ter en conta, por tanto, que é responsabilidade dos poderes públicos do Estado poñer todos os medios e remover os obstáculos que limiten o impiden que os españois poidan volver a súa terra e que a Comunidade Autónoma de Galicia non debe nin quere ser allea a participar, aínda que non teña a mesma obriga xurídica, pero si o asumiu como compromiso de pais aprobando a Estratexia Retorna 2020 que pon a disposición dos galegos do exterior mais de 50 medidas, cunha financiación superior aos 235 millóns de euros dos distintos departamentos autonómicos, para facer posible o seu retorno, tanto para axudar a cumprir unha expectativa daqueles que por iniciativa propia optaron polo regreso, como para chamar a atención e animar a aqueloutros que non o tiñan decidido.

As diferentes medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia incluídas na Estratexia Retorna 2020, ademais de incentivar mediante achegas económicas nos ámbitos social, formativos, laborais ou do autoemprego, tamén van dirixidas a salvar aquelas limitacións de índole burocrática que non en poucas ocasións supoñen un obstáculo importante para o retorno.

Non obstante, as competencias de Galicia son limitadas e solo pode actuar sobre determinados aspectos, debendo ser o Goberno do Estado o que tería que tomar medidas executivas ou mesmo normativas, e de forma urxente, para eliminar outros obstáculos, como pode ser: a necesidade de permisos de residencia e traballo para familiares que acompañen ao retornado pero non teñan nacionalidade española (que se dilata moito no tempo ou nunca chega a conseguirse) e para familias sen nacionalidade pero de descendencia directa de españois, os interminables procedementos de homologacións de títulos académicos universitarios que limita o acceso ao emprego, o impedimento para trocar o permiso de conducir do país de orixe que limita tamén as posibilidades de emprego ou mesmo o custe elevado da expedición de documentos legalizados no seu país de orixe.

Por todo isto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado, para que, con carácter de urxencia, adopte as seguintes medidas respecto dos españois e as súas familias no proceso de retorno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROmd2pBxTTC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:19:59
Nº Rexistro: 59184
Data envío: 21/11/2019 13:19:59.682

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

1.- Flexibilice e simplifique a obtención de permisos de residencia e traballo para as parellas mixtas ou con fillos sen nacionalidade facilitando así a súa plena integración. Mesmo creando un procedemento especial de autorización de residencia de carácter temporal para familiares de españois sen nacionalidade, que lles permita establecerse e consolidar a posteriori un permiso definitivo.

2.- Flexibilice e axilice a homologación de títulos universitarios obtidos no exterior por cidadáns españois para simplificarlles o retorno, para a continuidade dos seus estudos e, sobre todo, para facilitarlles a súa incorporación ao mercado laboral.

3.- Flexibilice o troco do carné de conducir con todos os países onde residen os nosos cidadáns.

4.- Suprima as taxas de expedición de pasaporte ou doutra documentación requirida para o seu retorno, naqueles países que atravesen situacións de grave crise económica e social, que ocasiona que sexan moi difíciles ou imposibles de asumir".

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

CSV: REXISTROmd2pBxTTC9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:19:59
Nº Rexistro: 59184
Data envío: 21/11/2019 13:19:59.682

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 13:15:53

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 13:16:17

Beatriz Mato Otero na data 21/11/2019 13:16:31

Jacobo Moreira Ferro na data 21/11/2019 13:16:59

María Isabel Novo Fariña na data 21/11/2019 13:17:10

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2019 13:17:22

Paula Prado Del Río na data 21/11/2019 13:17:36

José Manuel Rey Varela na data 21/11/2019 13:17:55

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/11/2019 13:18:15

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/11/2019 13:18:28

Sandra Vázquez Dominguez na data 21/11/2019 13:18:48

CSV: REXISTROmd2pBxTTC9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 59871(10/PNP-004465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estaleiro Barreras e o sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, 578, 17.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59871
Data envío: 09/12/2019 18:50:53.136

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre Barreras e o sector naval de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A situación que están a pasar dous estaleiros históricos de Vigo, Barreras e Vulcano, é resultado dun cúmulo de factores que provocaron que o primeiro estea nunha grave crise e o segundo en grave risco de desaparición, coa conseguinte perda de postos de traballo tanto directos como na industria auxiliar.

No proceso que levou a esta situación hai evidentemente responsabilidades dos propietarios dos estaleiros, que desenvolveron unha política de xestión errática e aventureira. Mais tamén hai responsabilidades do goberno galego: en Vulcano por enganar ao comité de empresa e en Barreras por actuar como intermediario nunha fuxida cara adiante que levou á empresa cara ao precipicio. Neste proceso, ademais de apadriñar a alianza con PEMEX, que acabou sendo un absoluto fiasco, a Xunta avalou a desastrosa xestión do José García Costas, destacado militante do PP.

Por outra parte, ao longo dos 8 últimos anos son se fixo unha boa diagnose do estado do sector naval da ría de Vigo, e ocultouse baixo as luces brillantes dos contratos unha situación marcada pola perda de miles de postos de traballo, a emigración de

CSV:REXISTRO9chiNo7FF3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59871
Data envio: 09/12/2019 18:50:53.136

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego cualificado, o deterioro das condicións laborais ou unha relación de chantaxe permanente coa industria auxiliar (quitas abusivas, impagos e condicións leoninas para volver a traballar).

2. En lugar de acometer medidas estruturais de fortalecemento, relanzamento e apertura de novos ámbitos de actividade, o goberno da Xunta adoptou unha actitude triunfalista e contemplativa, deixando que medrase un xigante con pés de barro, que agora se está vindo abaixo estrepitosamente. O proceso de desindustrialización da comarca de Vigo, o deterioro das condicións de traballo, a perda de man de obra cualificada e a falta de aposta estratéxica polo sector naval son algunhas das preocupantes manifestacións dunha crise que pode ter consecuencias desastrosas se non hai un golpe de leme e unha intervención pública decidida.

3. As últimas novas sobre a crise de Barreras, coa toma de control por parte de Ritz Carlton e as súas aliadas, deixa moitos motivos para a preocupación. Parece claro que estamos diante dunha nova operación especulativa, coa participación de empresas pantalla e fondos voitre, que só buscar resolver o seu problema e non unha solución de futuro para Barreras e as auxiliares.

Trátase por outra parte dunha operación moi pouco transparente, onde hai moitos movementos ocultos e moita información que non transcende publicamente. E neste contexto chama a atención a posición da Xunta, que por un lado participa nas reunións para buscar solucións e por outra banda di non coñecer os termos concretos dos acordos acadados entre a navieira estadounidense e as demais partes.

4. Polo que atinxe a Vulcano, nos últimos días puidemos comprobar como a Autoridade Portuaria de Vigo pon paus nas rodas para unha posíbel continuidade do estaleiro, dificultando a continuidade da actividade nos terreos de dominio público e o

CSV: REXISTRO9chiNo7FF3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59871
Data envío: 09/12/2019 18:50:53.136

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceso á lámina de auga. E todo isto coa complicidade ou cando menos co silencio da Xunta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Convocar unha mesa do naval de Vigo na que participen todos os axentes relacionados co sector (Xunta, sindicatos, patronal, empresas auxiliares) co obxecto de coñecer a situación real desta industria, as posíbeis solucións para a crise de Vulcano e Barreras e as perspectivas de futuro para o naval da ría de Vigo.

2. Opoñerse a calquera opción unilateral de saída á crise de Barreras na que primen os intereses dunha parte sobre o interese xeral do sector.

3. Adoptar as medidas necesarias para garantir o cobro da débeda de Barreras coas empresas auxiliares.

4. Encargar un estudo sobre a viabilidade da intervención pública para unha solución á crise de Barreras e Vulcano, mediante a creación dunha empresa de capital mixto coa participación da Xunta e as empresas do sector, garantindo que o centro de decisión estea en Galiza.

5. Negociar coa autoridade portuaria de Vigo a continuidade de Vulcano nos terreos de dominio público, e o acceso á lámina de auga, no caso de ser viábel a continuidade da actividade do estaleiro.

CSV: REXISTRO9chlNo7FF3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59871
Data envio: 09/12/2019 18:50:53.136

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Liderar, en colaboración co sector, o proxecto de creación dun Centro de Reparacións Navais na ría de Vigo."

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/12/2019 18:14:02

María Montserrat Prado Cores na data 09/12/2019 18:14:09

Noa Presas Bergantiños na data 09/12/2019 18:14:16

Olalla Rodil Fernández na data 09/12/2019 18:14:24

CSV: REXISTRO9chiNo7FF3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59871
Data envio: 09/12/2019 18:50:53.136

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/12/2019 18:14:32

Ana Pontón Mondelo na data 09/12/2019 18:14:40

CSV: REXISTRO9chiNo7FF3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 60166(10/PNP-004492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o Instituto Galego de Promoción Económica nos anos 2016, 2017 e 2018, así como a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 17:06:42
Nº Rexistro: 60166
Data envío: 17/12/2019 17:06:42.248

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) é unha axencia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia.

A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Os obxectivos que pretende levar a cabo pódense concretar en:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimento a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas galegas.

Para a consecución destes obxectivos, o Igape pon a dispor das empresas galegas unha serie de axudas para o financiamento do investimento empresarial a través de axudas a fondo perdido, préstamos BEI para financiar circulante e investimentos e incentivos económicos rexionais.

Nesta X lexislatura os créditos iniciais consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia para os anos 2016-2018 teñen acadado máis de 306 millóns de euros, mentres que os seus gastos efectivos, medidos polo conxunto de obrigas recoñecidas foron de tan só 160 millóns de euros, é dicir, deixaron sen executar 146 millóns de euros, o 48 % do total dos créditos consignados.

CSV:REXISTROuprXJFnTc2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2019 17:06:42
Nº Rexistro: 60166
Data envío: 17/12/2019 17:06:42.248

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia rexeita a xestión ineficiente do Igape e insta a Xunta de Galicia a:

1º) Realizar as actuacións necesarias co obxecto de que execute os orzamentos na súa totalidade.

2º) Establecer unha nova estratexia de internacionalización das empresas galegas con obxectivos claros e medibles, que contemple información, formación e financiamento,

3º) Establecer unha nova estratexia de captación de investimentos estranxeiros en Galicia con obxectivos claros e medibles, que contemple, información, formación e financiamento.

4º) Elaborar un plan de actuación para as empresas en crise, no que participen o sector empresarial, os sindicatos, as universidades e a Xunta de Galicia, e dotado de financiamento.

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/12/2019 17:02:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/12/2019 17:02:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/12/2019 17:03:36

CSV: REXISTROupnXJFnTc2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 60232(10/PNP-004528)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco

Sobre a creación polo Instituto Galego de Promoción Económica dun programa de liquidez para o adianto aos traballadores dos salarios pendentes de pagamento cando a empresa é declarada insolvente ou en concurso de acredores

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 18:27:59
Nº Rexistro: 60232
Data envío: 18/12/2019 18:27:59.869

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cando unha empresa entra en crise e non pode facer fronte aos seus compromisos de pagamento, concretamente a salarios, xérase un determinado período no cal os traballadores e traballadoras desa empresa quedan totalmente indefensos e nunha situación económica profundamente vulnerable, que dana non soamente ao traballador ou traballadora, senón tamén a toda unha familia e por suposto, a toda a economía dun territorio.

Existen mecanismos, dende o Estado, que teñen como obxectivo o pagamento aos traballadores e traballadoras dos salarios e indemnizacións pendentes de aboar cando a empresa foi declarada insolvente ou en concurso de acredores (FOGASA).

Mais para que este mecanismo actúe é necesario que estes foran recoñecidos a través dunha acta de conciliación, unha decisión xudicial ou a través dun certificado dos Administradores Concursais que acrediten que existen cantidades pendentes de pagamento. Así pois, dende que a empresa deixa de pagar os salarios ata que aos traballadores e traballadoras se lles recoñece tales salarios, transcorre un período que resulta ser moi prexudicial.

CSV: REXISTROkkuTpvff5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 18:27:59
Nº Rexistro: 60232
Data envío: 18/12/2019 18:27:59.869

Deste xeito resulta moi importante desenvolver algún tipo de mecanismo institucional que permita facer fronte a este baleiro, ao cal se teñen que afrontar os traballadores e traballadoras das empresas que se atopan nesa situación.

A finalidade é que ante unha situación de impago de salarios, a administración autonómica poida adiantar as cantidades que logo son recoñecidas por lei aos traballadores e traballadoras e que o procedemento concursal dilata en ocasións ata en 9 meses. O obxectivo pois é evitar as consecuencias sociais que este lapso temporal ten nos traballadores e traballadoras.

A medida non é moi gravosa para a Xunta de Galicia, posto que se trata dun simple adianto económico que logo se recupera co cobro das cantidades recoñecidas no concurso. Tratase de evitar a falta de liquidez das familias a consecuencia dos tempos concursais.

É moito máis eficaz que a Xunta asuma colectivamente esta situación que o que está sucedendo agora, que é que cada persoa ten que negociar individualmente co seu banco, arrendador, etc suspender os pagos durante meses, o que á súa vez colapsa a cadea de consumo e á súa vez a economía local.

Finalmente é importante poñer de manifesto as experiencias semellantes de carácter singular que tiveron lugar recentemente durante a creba dunha empresa turística en Baleares ou no sector agrario, coas entregas a conta por compromisos de pagamento adebedados aos produtores. Outro suposto tivo lugar logo do sinistro do Prestige, co pago aos particulares dos danos e a subrogación posterior do Estado na súa posición fronte ao causante dos danos.

Calquera das situacións anteriores ten en común con esta proposta o adianto de cantidades que se sabe que son debidas e han ser aboadas, polo que se trata dunha simple operación financeira de adianto dun diñeiro a propia administración recuperará cos seus correspondentes xuros.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

CSV: REXISTROkkuTpvff5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2019 18:27:59
Nº Rexistro: 60232
Data envío: 18/12/2019 18:27:59.869

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que dende o IGAPE se leve a cabo a creación dun programa de liquidez para o adianto de salarios debidos a procesos concursais.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Voceiro e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/12/2019 18:26:28

Luis Villares Naveira na data 18/12/2019 18:26:34

CSV: REXISTROKkuTpvff5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 61449(10/PNP-004561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para esixir ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 590, 15.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61449
Data envío: 13/01/2020 17:37:25.653

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Cristina Isabel Romero Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Moisés Blanco Paradelo e** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno** polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

O grupo parlamentario Popular, ao igual que a Xunta de Galicia, defende que a prioridade para as máis de 750 familias que dependen da actividade da central térmica das Pontes é avanzar en alternativas viables desde o punto de vista enerxético e do mantemento dos postos de traballo. Ese é o compromiso adquirido por Endesa e o Goberno na xuntanza celebrada co presidente Feijóo o pasado 9 de decembro de 2019.

Sen embargo, a realidade é que o novo Goberno, segundo o acordo alcanzado entre PSOE e Unidas Podemos (ao igual que o acordo PSOE-BNG), non inclúe o compromiso expreso de non aceptar a tramitación do expediente de peche solicitada a finais de ano por Endesa ata que conclúan as probas alegando a "clara ausencia de perspectivas de mellora no futuro", nin tampouco inclúe a reactivación da central mentres se buscan alternativas.

A redución da actividade de Endesa na central térmica das Pontes e a solicitude de peche da instalación ten consecuencias tanto na economía –como se observa na caída da actividade no porto de Ferrol– como no emprego, cos primeiros despidos nas empresas auxiliares.

Así pois, se o novo Goberno PSOE-Unidas Podemos e os seus socios do BNG queren estar realmente ao lado dos traballadores e traballadoras de Endesa, das empresas auxiliares e dos transportistas, ten que facer unha fronte común con Galicia e reclamar a Endesa que reactive a planta, activar un plan de transición xusta que garanta a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV:REXISTROut4UICZ2X63
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

continuidade da actividade e o emprego ata poder optar en 2021 aos fondos europeos, así como os mecanismos fiscais que ten ao seu alcance, como o céntimo verde, e poñer en marcha novos mecanismos para favorecer a combustión con biomasa.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que esixa ao Goberno de España a convocatoria urxente da Mesa das Pontes para establecer a folla de ruta que garanta un futuro para as 750 familias que dependen da actividade da central térmica que Endesa ten nesta localidade, non aceptando a tramitación do expediente de peche presentado pola empresa ata que conclúan as probas con distintas mesturas de combustibles e existan alternativas viables para o mantemento do seu emprego.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2020 17:31:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/01/2020 17:31:21

Diego Calvo Pouso na data 13/01/2020 17:31:46

José Manuel Rey Varela na data 13/01/2020 17:31:58

Marta Novoa Iglesias na data 13/01/2020 17:32:16

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/01/2020 17:32:41

Maria Antón Vilasánchez na data 13/01/2020 17:35:29

Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/01/2020 17:36:05

Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2020 17:36:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROu4UiOZ2X63
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61449
Data envío: 13/01/2020 17:37:25.653

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Moisés Blanco Paradelo na data 13/01/2020 17:36:28

CSV: REXISTROu4UiOZ2X63
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 59392(10/INT-002032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia

Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59392
Data envío: 26/11/2019 14:19:14.677

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de** Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. No segundo dos casos, a publicación do informe de análise titulado *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos.

Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas

CSV:REXISTRO62P6tzboQ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

· Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.

· Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.

· Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.

· Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Asume o Goberno de Galicia que o informe de expertos *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* supón unha gran emenda á súa política sanitaria dos últimos anos?

CSV: REXISTRO62PBlzIoQ9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59392
Data envío: 26/11/2019 14:19:14.677

2.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia asumir as recomendacións emitidas no informe citado e desenvolver un plan de acción ligado a esas conclusións? En caso afirmativo, que prazos manexa para elo?

3.ª) Considera a Xunta de Galicia agora que as realidades evidenciadas por este análise ofrecen unha visión real da situación da sanidade galega en atención primaria?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2019 13:29:31

Noela Blanco Rodríguez na data 26/11/2019 13:29:47

CSV: REXISTRO62P6tzloQ9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 59917(10/INT-002049)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a sanidade pública

Publicación da iniciativa, 578, 17.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59917
Data envío: 10/12/2019 19:11:27.067

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

Na modificación da Lei de Saúde de Galicia aprobada nesta lexislatura polo Partido Popular, demostrouse claramente a liña política a seguir coa supresión das áreas sanitarias e a centralización dos servizos nos hospitais de referencia das principais urbes.

Unha política que afonda na perda de servizos no rural galego e en todas aquelas comarcas nucleadas ao redor dun hospital comarcal de referencia, nos que se están levando a cabo un desmantelamento progresivo de servizos, tal e como sucedeu en Verín co paridoiro e as urxencias pediátricas

pequenas comarcas que ven o desmantelamento progresivo dos servizos dos hospitais comarcais, tal e como sucedeu en Verín co paridoiro e as urxencias pediátricas.

Ese desmantelamento paulatino dos servizos nos hospitais comarcais, responde a unha política que afonda na perda de servizos do rural galego e as pequenas comarcas onde non están situadas as principais urbes de Galicia.

Foron e son moitas as persoas que están a advertir desta perda de dereitos e servizos que provocan un agravio comparativo respecto ás prestacións sanitarias que se poden ter dependendo de onde se viva.

Tendo en conta os argumentos empregados polo Goberno para o peche de servizos como o paridoiro, poderían pechar por exemplo o paridoiro do Hospital da Costa que tivo un número de nacementos similar a Verín no ano pasado.

CSV:REXISTROje5RQLY960
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59917
Data envío: 10/12/2019 19:11:27.067

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ademais, este criterio pode ser empregado tamén para o resto de servizos e de feito, xa se están denunciando situacións de falta de cobertura de especialidades como a de medicina dixestiva en Monforte, que leva tres anos sen cubrirse, estando a piques de xubilarse o especialista da outra praza sen previsión de substitución, unha situación moi parecida que o acontecido co pediatra de Verín.
Por outro lado, o desmantelamento de servizos acontece en zonas que xa de por si contan cun déficit en prestacións noutras materias, como o que sucede en comarcas como a de Valdeorras onde non existe un transporte regular con Ourense, unha cuestión que implica que moitas persoas teñan que durmir na cidade para ser atendidas.
Esta política do Partido Popular implica unha desigualdade no acceso a servizos sanitarios que afecta ao dereito a unha asistencia sanitaria de calidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte Interpelación:

- Ten valorado o Goberno a posibilidade de non pechar os servizos de paridoiro e urxencias pediátricas do Hospital de Verín?

- Van a seguir pechando servizos no resto de hospitais comarcais?

- Cando teñen pensado cubrir as especialidades que se están demandando no resto de hospitais comarcais?

- Considera o Goberno que está ofrecendo equidade no acceso á sanidade pública?

CSV: REXISTRO|e5RQLY960
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59917
Data envío: 10/12/2019 19:11:27.067

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ten pensado o Goberno modificar a súa política en materia de persoal para incentivar a profesionais a desprazarse a áreas rurais?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/12/2019 19:07:22

CSV: REXISTRO|e5RQLY960
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 59959(10/INT-002050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, 578, 17.12.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 13:21:47
Nº Rexistro: 59959
Data envío: 11/12/2019 13:21:47.234

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A dignidade da persoa constitúe o núcleo central da Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e o piar básico da Declaración sobre Bioética e Dereitos Humanos da Unesco, aprobada pola Conferencia Xeral da Unesco por aclamación no ano 2005. A Declaración trata das cuestións éticas relacionadas coa medicina, as ciencias da vida e as tecnoloxías conexas aplicadas aos seres humanos, tendo en conta as súas dimensións sociais, xurídicas e ambientais. Dende o ano 1978, a dignidade humana recoñécese como fundamento do orde xurídico e da paz social, tal e como recolle a Carta Magna, regulándose no seu artigo 10.

Eutanasia significa "boa morte" o que se traduce no acto deliberado de dar fin á vida dunha persoa, producido pola súa vontade expresa e co obxecto de evitar un sufrimento. O debate sobre a eutanasia, dende o punto de vista social, da bioética e do Dereito leva aberto en España dende hai décadas. A obriga do lexislador é, precisamente, atender ás demandas da sociedade, respectando os seus dereitos e lexislando en consecuencia, tamén sobre a legalización e regulación da eutanasia. Asemade, deputadas e deputados debemos lexislar para respectar a dignidade, a autonomía e a vontade de poñer fin á vida de quen está nunha situación que o remita a esixir esta liberdade de elección como un dereito.

Neste senso, no ano 2015 o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, a Lei 5/2015, do 26 de xuño, respectando así a calidade de vida e a dignidade dos enfermos terminais, é dicir, regulando o dereito a unha morte digna. Se ben outros parlamentos autonómicos fixeran algúns avances anteriormente (Andalucía, Aragón ou Navarra) a lei galega si que apuntaba moitos avances que non eran recollidas polas lexislacións predecesoras. Un chanzo máis neste camiño foi, neste mesmo ano, a Proposición de lei orgánica de regulación da eutanasia, publicada no Boletín do Congreso dos Deputados o día 30 de xullo de 2019 e proposta polo Grupo Socialista. A lei pretendeu dar unha resposta xurídica, sistemática, equilibrada e garantista á demanda da eutanasia. En setembro, foi aprobada a súa toma en consideración, cos votos en contra dos grupos de Vox e do Partido Popular.

CSV:REXISTROy06H3mszF9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 13:21:47
Nº Rexistro: 59959
Data envío: 11/12/2019 13:21:47.234

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Comparte o Goberno galego que a obriga fundamental do Poder Lexislativo á atender ás demandas da sociedade para lexislar en consecuencia?
2. Ten o Goberno a dispoñibilidade de colaborar activamente e facilitar as medidas precisas para a posta en marcha en Galicia da lexislación estatal sobre o dereito á eutanasia e morte digna?
3. Comparte o Goberno o carácter sobre a dignidade da persoa como ven regulado na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e na Declaración sobre Bioética e Dereitos Humanos da Unesco de 2005?
4. Comparte o Goberno que o lexislativo debe lexislar para respectar a dignidade, a autonomía e a vontade de poñer fin á vida das persoas que están nun contexto eutanásico?
5. Se as respostas ás preguntas anteriores fosen positivas, incluirá o Goberno a axuda para morrer na carteira de servizos do Sergas, con financiación pública?
6. Vai apoiar o Goberno a regulación do dereito de toda persoa que se atopa nun contexto eutanásico a solicitar e recibir a axuda precisa para morrer, o procedemento a seguir e as garantías a observar, con financiación pública?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTROy06H3mszF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/12/2019 11:13:20

Julio Torrado Quintela na data 11/12/2019 11:13:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2019 13:21:47
Nº Rexistro: 59959
Data envío: 11/12/2019 13:21:47.234

Noela Blanco Rodríguez na data 11/12/2019 11:13:41

María Teresa Porritt Lueiro na data 11/12/2019 11:13:51

CSV: REXISTROy06H3mszF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 61986(10/POPX-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de ocultar a xestión levada a cabo polo Goberno galego durante unha década en relación coa defensa dos intereses de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:23:03
Nº Rexistro: 61986
Data envío: 20/01/2020 18:23:03.480

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que con cartas de última hora pode ocultar unha década de incompetencia política á hora de defender os intereses de Galiza?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2020 18:17:46

CSV:REXISTROTagO10mnB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 61988(10/POPX-000185)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as conclusións extraídas polo Goberno galego respecto do conflito do paritorio de Verín

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:27:09
Nº Rexistro: 61988
Data envío: 20/01/2020 18:27:09.872

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte ***PREGUNTA,*** dirixida ao **Presidente da Xunta,** para a súa resposta oral no Pleno da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, ten sacado algunha conclusión do conflito do paridoiro de Verín onde rematou rectificando a súa decisión inicial?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/01/2020 16:43:27

CSV:REXISTROeueybhZGu9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 61991(10/POPX-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a asunción de responsabilidades polos problemas que se están a xerar co peche do paritorio de Verín

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2020 18:29:09
Nº Rexistro: 61991
Data envío: 20/01/2020 18:29:09.716

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, vai asumir algunha responsabilidade polos problemas que o seu Goberno está xerando co peche do paridoiro de Verín ?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/01/2020 18:05:48

CSV: REXISTROpfzPE1J6d0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 28.01.2020 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 60314(10/POP-007072)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre os medios dos que dispoñen os concellos de Alta Montaña para facer fronte ás nevadas, estudando solucións e alternativas

Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:38:42
Nº Rexistro: 60314
Data envío: 20/12/2019 13:38:42.183

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e **Paula Vázquez Verao,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno.**

Unha das facianas da seguridade pública é a configuración dun sistema de protección da poboación ante toda caste de incidentes, emerxencias, catástrofes ou calamidades públicas. Trátase de evitar, reducir ou corrixir os danos que estes poidan ocasionar ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente.

A Xunta, coa coartada da autonomía municipal e a subsidiariedade da acción pública, traslada as súas responsabilidades aos concellos, aos que non fornece de estratexia xeral e de recursos suficientes.

O Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) establece como un dos riscos naturais as nevadas, por poder producir o illamento de núcleos de poboación e danos en bens.

Xunta, Deputacións, Administración Central e Concellos van da man, dentro das súas competencias, na protección da seguridade nas estradas cando chega o inverno.

O pasado 16 de decembro, a Delegación do Goberno en Galicia activaba na súa fase de Alerta por nevadas o Plan de Vialidade Invernal na Rede de Estradas so Estado das provincias de Lugo e Ourense. Esta medida adoptase ante as predicións emitidas pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e actualízase en función dos partes meteorolóxicos que emita a AEMET.

CSV:REXISTROp9N&JtB52
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2019 13:38:42
Nº Rexistro: 60314
Data envío: 20/12/2019 13:38:42.183

